

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM.1

SESION ORDINARIA DO 26 DE XANEIRO DE 2009

ASISTENTES

Excmo. Sr. Alcalde	Lago Rey, María Jesús
Abelairas Rodríguez, Isaura	Larriba Leira, Elvira
Alonso Pérez, Fco. Xabier	López Atrio, Laura
Calviño Rodríguez, Xulio	López Carreira, Xesús
Coello Bufill, Antonio	López Font, Carlos
Comesaña Abalde, Carlos	Martiño Gómez, Antonio
Conde Gil, Jorge	Méndez Piñeiro, María
Díaz Vázquez, Raquel	Molares Pérez, Lucía Emilia
Domínguez Olveira, Santiago	Muñoz Posse, Carlota
Fidalgo Iglesias, Miguel	Porro Martínez, María Corina
Figueroa Vila, José Manuel	Rivas González, Angel
García Míguez, María Angeles	Rodríguez Díaz, Santos Héctor
González Sagarra, Javier Pablo	Veloso Ríos, Iolanda
Iglesias Bueno, Marta	

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e nove minutos do día vinteseis de xaneiro do ano dous mil nove, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Muñoz Posse, Porro Martínez, Rivas González, Rodríguez Díaz e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sr. Mariño Mendoza e maila Sra. Maure Noia. Asiste o Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-

los asuntos da orde do día.

A PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno do Concello convocado para o día de hoxe, 26 de xaneiro, ás 9,00 horas, coa orde do día de data 22 de xaneiro que obra en poder dos señores e señoras concelleiros. Abrimos sesión pública e abrimos o Pleno.

Antes de proceder coa orde do día este Presidente quería transmitir oficialmente a súa felicitación á concelleira D^a M^a Jesús Lago por ser quen de facer a proeza de seren a primeira muller española en chegar ó Polo Sur nunha actuación deportiva sen precedentes nesta cidade e neste País.

Eu teño un enorme orgullo de que unha viguesa fose quen de facer iso e aínda enriba unha membro deste Pleno. A miña felicitación persoal e o meu desexo de que o goce e que pare esas actuacións, excepcionais pero cun enorme risco para a súa vida. Parabéns.

1.- (1).- INTERVENCIÓN DO PRESIDENTE DA COMISIÓN DE AFECTADOS POLO AVE EN TEIS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de xaneiro de 2009, don Manuel Antonio Sotelino Sánchez, na súa calidade de presidente da Comisión de Afectados polo AVE en Teis, expón o que segue:

"Que o pasado mes de xullo de 2008, o Ministerio de Fomento acordou a suspensión temporal da expropiación das propiedades para a execución das obras do proxecto do eixo atlántico de alta velocidade, tramo Vigo-As Maceiras.

Esta decisión do Ministerio de Fomento non supuxo unha solución á nosa problemática, pois as propiedades seguen no proceso de expropiación e nós o que pretendemos é a finalización do mesmo, para decidir sobre o futuro das nosas vivendas e fincas.

Solicita:

Polo exposto anteriormente a comparecencia dun representante da Comisión de afectados polo AVE en Teis, no Pleno ordinario deste mes de xaneiro, para coñecer a opinión dos grupos municipais da Corporación e unha posición do Pleno ó respecto deste problema".

DEBATE.- A PRESIDENCIA: D. Antonio Sotelino Sánchez, actuando como Presidente da Comisión de Afectados polo AVE en Teis, ten a palabra por un tempo máximo de dez

minutos.

SR. SOTELINO SÁNCHEZ: Para comezar quero amosar unha vez máis o agradecemento a todos os grupos políticos que fixeron posible que hoxe poida expoñer aquí novamente o problema dos afectados do AVE en Teis ós que teño a honra de representar.

Quero facer un pequeno inciso. A sorpresa deste colectivo é que nos informaron de que hoxe comparecíamos neste Pleno gracias a un medio de prensa que nos chamou para nos dicir que este punto estaba na orde do día. Nós non tivemos ningunha notificación oficial para comparecer aquí. Son cousas que pasan.

Como xa saberán vostedes, estamos sufrindo unha expropiación xa rematada polo Ministerio de Fomento moi penosa para nós. Hoxe vimos aquí reclamar unha vez máis que este goberno municipal nos axude dunha vez por todas a solucionar esta situación e que cumpra co acordado no Pleno do 30 de xuño de 2008 no que se comprometeron a térmonos informados e solucionar isto o máis axiña posible. Sen embargo todo segue igual ou aínda peor que antes.

Co novo trazado Fomento déixanos no esquecemento e non cumpre coa Lei de expropiación forzosa que di que tiñamos que estaren cos nosos expedientes no prezo xusto; en troques agora obriga a írmonos ó Xulgado do Contencioso para esixiren que se cumpra coa Lei que eles manteñen dende o ano 1953. Será que lles convén a eles e por iso non a cambian.

Non é o noso obxectivo falar hoxe aquí de leis, o que queremos é que remate dunha vez esta película de suspense e o que necesitamos é que se cumpra a Lei e iso significa iren ó prezo xusto para seren indemnizados e poder saldar as atafegantes hipotecas das vivendas que tivemos que mercar tras teren recibido o aviso de desaloxamento inmediato pola forza policial.

Como saberán esta suspensión temporal da expropiación era mentres non saía o novo trazado. Agora xa está confirmado e, canto temos que esperar máis? Repito que necesitamos ir ó prezo xusto para cobrar as indemnizacións ou solicitar a reversión aqueles que aínda poidan dar marcha atrás, porque no caso da maioría dos propietarios das casas xa é demasiado tarde.

O que está provocando Fomento é que tardaremos moitos anos en resolver esta situación ó mesmo tempo que nos arruína máis facéndonos pagar os gastos do contencioso sen necesidade se a Lei se cumprixe.

Sr. Alcalde, pedímoslle, suplicámoslle que remate con isto dunha vez. Levamos xa

camiño de tres longos anos solicitando unha xuntanza para que nos escoite e saiba de primeira man o problema de cada afectado. Seguro que cando nos escoite comprobará que non é tan difícil chegar a un acordo favorable para todos.

Sres. do Goberno municipal, saben vostedes que o final desta expropiación non superaría os 800.040 euros? Saben que co diñeiro da reversión dos terreos afectados estas indemnizacións serían aínda máis baixas? Cal é o motivo de seguir arruinando a estas familias que sempre estiveron dispostas a colaborar co progreso da cidade?

Pero sempre que nos pagaran o xusto, non queremos seren millonarios, só queremos vivir en paz e non arruinármonos sen ningunha culpa. Ninguén dos que estamos aquí facémolo porque queiramos, estamos porque eles nos meteron neste problema

Espero que hoxe aquí se dea solución a este problema que xa cheira e que non ocorra o mesmo que co Pleno do ano pasado. Tamén lle quero lembrar ó Sr. Font e á Sra. Díaz Vázquez o que xa se lles expuxo do grave risco de incendio no noso barrio pola maleza acumulada nas fincas xa expropiadas e indemnizadas por Fomento.

De momento seguimos igual, as súas promesas non deron o seu froito.

Para finalizar espero que hoxe empecen a tomar este asunto coa seriedade que se merece e que poidamos celebralo todos xuntos cun bo acordo. Tamén dicir ó Sr. Alcalde que se pon o seu interese neste problema nós estamos dispostos a escoitar todo tipo de propostas para o solucionar e estudalas de inmediato.

Por todo isto solicitamos do Pleno da Corporación Municipal que a través deste órgano municipal se dirixa ó Ministerio de Fomento coas seguintes cuestións:

1.- Envío urxente dos expedientes ó Xurado Provincial de Expropiación co fin de causar o menor prexuízo posible ás nosas familias, xa que as nosas propiedades seguen expropiadas e así nolo transmitiron moitas veces os nosos avogados que nos din que a casa xa non é nosa, o terreo non é noso, segue a ser do Ministerio de Fomento.

2.- Se non pensan enviar os expedientes ó Xurado de Expropiación, que pensa facer a administración para solucionar a perentoria situación destas familias que cargan cunha hipoteca?

Neste punto temos un problema engadido. Hai un matrimonio que ante o inminente desaloxamento pola forza policial mercou unha nova vivenda, hipotecouse moito, acaba de quedar sen traballo e en poucos meses verase na rúa sen cartos e sen casa. A iso hai que lle engadir que a casa anterior que abandonaron agora ten "ocupas" dentro. Se había un problema agora temos dous ou tres e aínda sigue.

3.- A inmediata realización dunha xuntanza entre os afectados, Concello e

Ministerio para procurar unha saída dialogada neste conflito.

Isto viñemos pedíndoo dende o principio, unha negociación onde estea o noso representante, o Sr. Alcalde, os afectados, o Ministerio de Fomento e tentar chegar a algún tipo de acordo. Coido que non é tan difícil rematar isto dunha vez por todas, penso que a todo o mundo lle interesa escoitar algún día o final deste asunto. Xa está ben sufrir tanto cando nós sempre puxemos da nosa parte o diálogo, estivemos abertos a todo tipo de xuntanzas, negociacións e se algunha vez protestamos na rúa foi porque non temos outras ferramentas, non porque nos guste facelo.

4.- A limpeza de maleza nas fincas expropiadas polo Ministerio de Fomento. Caso de non asumir esta limpeza o Ministerio, que sexa o Concello quen a asuma.

Só lles pediría, Sra. Díaz, Sr. Font, que se dean unha volta polo barrio e vexan como está aquilo. Onte mesmo dixéronme que están empezando a roubar nas casas; non me estraña, porque non se ve nin a xente que pasa pola rúa, é tanta a maleza que alí hai que é imposible adiviñar quen entra nas propiedades. Temos un colectivo de veciños ós que eu represento que teñen animais domésticos e algúns xa apareceron mortos, restos doutros animais, etc. Estase criando algún tipo de fauna que non é normal. Coido que o barrio de Teis non merece estar nesa situación, non somos tan malos.

Espero e desexo que tomen vostedes conciencia da situación na que estamos, o tempo que levamos sufrindo, xa hai problemas de depresións e enfermidades que se aceleran día a día. A persoa de maior idade de todas as afectadas hoxe non está aquí porque, se xa estaba enferma, agora nin pode levantarse da cama; entre a depresión, os desgustos e que acaba de seren atracada coido que na noite do sábado, comprenderán que esa muller xa non ten ilusión de nada. Díxome que viñera eu a pedirlle por favor ó Sr. Alcalde que nos axude porque non somos tan malos. Espero que teñan un pouco de conciencia e que vexan como está a xente nese barrio porque é lamentable.

Estou de acordo en que falemos dunha franxa verde para alí; o do túnel paréceme fabuloso, pero nós somos persoas que vivimos alí, non somos animais, necesitamos un trato. Sabemos que hai conversas a cada momento coa ministra de Fomento.

Coido que non é tan difícil arranxar o problema duns afectados. Dio a Lei de expropiación forzosa, que temos que ir ó prezo xusto. Como imos dicir á xente, moitos pensionistas, que teñen que preparar os cartos para ir a un contencioso para reclamar ó Ministerio de Fomento que cumbran coa Lei de expropiación que eles crearon? Temos que ir a Madrid para lles dicir ós señores do Ministerio que cumbran

coa lei que está en vigor? Mandar os expedientes ó Xurado de Expropiación para que ese xuíz diga o que nos pertence cobrar e, xa que por aí non vai o trazado, poden vostedes solicitar a reversión das propiedades, sempre e cando se poida.

No caso das casas xa dixen moitas veces que só hai unha que pode solicitar a reversión porque tiña un acordo cun contratista ó que lle deu un infarto; mala sorte para o contratista e boa para a señora que non se meteu nunha lea de gastar tantos cartos como na que estamos nós hoxe en día. Hipotecas moi caras porque se mercaron as vivendas cando o seu prezo estaba moi alto e cada día estamos a atafegar máis e máis.

Aproveito para felicitar á Sra. Lago pola súa expedición, é un orgullo para nós estar nela representados, e pediríalle que xa que vive preto da nosa zona que pase polo barrio de Teis e que mire coma está. Logo que nos diga se temos razón ou non para facer esta reclamación.

Para rematar agradezo a todos os grupos políticos aquí presentes por nos apoiar para volver expoñer ó Alcalde os nosos problemas e ogallá hoxe saíamos de aquí dicindo que pagou a pena comparecer no Pleno. Hai un compromiso serio de que isto ten data de caducidade, ogallá que así sexa.

Gracias a todos e que non teñamos que volver aquí para falar deste tema. Que veñamos aquí dicirlles que por fin rematou o pesadelo destes afectados. Moitas gracias.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Antes de comezar co tema que nos ocupa neste primeiro punto, quixera tamén manifestar a felicitación no nome do Grupo municipal do BNG á nosa compañeira D^a Chus Lago, por esa fazaña deportiva tan importante que loxicamente como vigueses e como compañeiros de Corporación nos enche de orgullo e desexarlle que siga acumulando eses éxitos.

Estamos absolutamente de acordo coa exposición que se fixo por parte do representante dos afectados do AVE en Teis porque, como ben dicía, houbo un acordo deste Pleno que polo que nos está a contar evidentemente non xurdiu ningún tipo de efecto. Cremos que as cuestións que reivindicamos son de absoluta xustiza, sobre todo hai algo do que piden que non entendemos por que non se leva a cabo, Sr. Alcalde: a inmediata realización dunha xuntanza entre os afectados, o Ministerio de Fomento e o Concello.

Coido que non é difícil que dunha vez por todas se sente nunha mesa un técnico ou técnica ou quen queira que represente ó Concello, outro do Ministerio de Fomento e

un ou dous representantes dos afectados. Estamos convencidos dende o BNG que se se fai así se debe chegar a un acordo de forma inmediata.

No anterior Pleno cando os representados a través do seu presidente tamén comparecían, todos estabamos de acordo en que os veciños e veciñas non teñen culpa de que Fomento primeiro anunciara oficialmente a expropiación e logo, por mor dunhas negociacións que nos parecen ben, logo de que se acadara o soterrado da chegada do AVE, se lles diga que non se expropia ou nin sequera iso, senón que estea o tema totalmente parado.

No anterior Pleno tamén estabamos todos de acordo en que había que negociar con Fomento unha indemnización, dalgún xeito como contrapartida ós prexuízos que ese cambio de decisión causou a esta veciñanza. Non entendemos por que non se fixo ou se se fixo polo que hoxe acabamos de escoitar vese que nin sequera eles o saben.

Polo tanto a postura do BNG é que inmediatamente se convoque unha xuntanza entre técnicos do Concello, Fomento e afectados para solucionar este problema. Coidamos que non se pode agardar máis tempo polo que o BNG pide que se tome ese acordo por unanimidade e que se dea ademais un prazo dunha semana para que esa xuntanza poida estar convocada e polo tanto que tanto o Concello, como Fomento, coma os afectados poñan enriba da mesa a súa situación e se poida chegar definitivamente a un acordo.

SR. LÓPEZ FONT: Por parte do Grupo Municipal Socialista, no Pleno do día 30 de Xullo no que compareceu por primeira vez a Comisión de afectados de Teis, nós expuxemos o noso máximo apoio a un acordo unánime desta Corporación en primeiro lugar ós efectos de clarexar a situación na que se atopaba o trazado do AVE ante as dúbidas que dende o Partido Popular se observaban neste Pleno e sobre todo e dado que así se solicitaba, manifestábamnos o máis intenso apoio tanto pola parte deste Grupo como do Alcalde ós afectados e á busca dunha solución.

Coido que a data de hoxe está clarexada a situación. É verdade que hai un novo trazado, xa é definitivo, xa o recoñece todo o mundo, mesmo o Sr. Figueroa quedaríanlle disipadas todas as dúbidas sobre o ascensor do que falaba na súa intervención do 30 de xullo e tamén lle quedaría claro que as tuneladoras están á entrada da cidade, cuestión que el poñía en dúbida. Tamén saberá pola prensa de onte que o trazado de alta velocidade a Vigo directo por Cerdedo tamén está, dado que nalgunha ocasión exhibía información do Ministerio de Fomento.

A nós síguenos preocupando e queremos que se solucione a situación dos afectados

que acaban de comparecer e mantemos dende o Grupo municipal Socialista co empeño persoal do Alcalde que isto se solucione satisfactoriamente para eles. É certo, como se dicía, que houbo un primeiro momento no que se decidiu a expropiación, hai que lembrar quen a decidiu porque gobernaban a Sra. Porro e o Sr. Figueroa e isto é certamente importante. Pola nosa banda o que si é certo é que estamos a favor de que se busque unha solución para os afectados, que saian do mellor xeito e polo tanto eu aquí quero transmitir o apoio decidido do Grupo municipal Socialista e o persoal do Alcalde a toda a busca de solucións satisfactorias para os afectados.

Insisto no noso compromiso para chegaren a unha solución.

SR. FIGUEROA VILA: Tamén dende o noso grupo felicitar á Sra. Lago polo éxito acadado, son moitos anos e algúns de colaboración malia a situación política, pero se imos dez ou doce anos atrás verase que tamén colaborei na medida das miñas posibilidades coas responsabilidades que tiña. Os éxitos acadados están aí, son bos para a cidade e deles congratulámonos todos. Por iso felicitámola tamén dende o noso Grupo e esperamos que se un día repite cunha expedición nova acade os mesmos éxitos de hai anos e de agora.

Entrando no fondo do tema que figura na orde do día, dicir que nos parece de importancia e sobre todo para a cidade de Vigo, importante non só no fondo, que tamén, senón nas formas.

Sr. López Font, é lamentable que a Xunta de Voceiros tome a decisión de incluír este tema na orde do día do Pleno e ós veciños nin se lles comunique. Ese é o desprezo que vostedes teñen polos colectivos porque, como un colectivo tan importante que pide unha intervención en Pleno porque ten un problema se ten que decatar polos medios de comunicación que si vai comparecer neste Pleno? É unha desvergoña, prepotencia, arrogancia que vostedes amosan permanentemente, non cabe outra explicación. Nin unha chamada de teléfono. Estarían todos ocupados porque ninguén, nin un político, nin un responsable técnico lle puido facer unha chamada de teléfono a este colectivo para lles dicir que tiñan que comparecer.

Teñen o máis absoluta desprezo por todos os colectivos que non lles poñen alfombra. Nesta cidade ou están con ou contra o goberno, e neste último caso hai un desprezo absoluto. Esa é a pluralidade, o diálogo, a tolerancia, o talante que vostedes defenden. Alá vostedes con este tipo de actitudes que non se dan só con este colectivo, o problema é que repiten, comezan ser reincidentes; xa está na rúa o

desprezo que vostedes teñen polos colectivos. Se esa é a súa actitude, alá vostedes. Para nós este tema é moi importante nas formas porque este colectivo está pasando dificultades, problemas persoais que lles afectan e sobre todo partindo de que sempre amosaron a súa colaboración con este proxecto. Dende que tiveron a primeira xuntanza con eles sempre me dixeron que querían arranxar o seu problema pero que non se opoñían a que a cidade tivese unha infraestrutura necesaria. Quedoume gravado porque é difícil que cando un colectivo reivindica algo ó final defenda un proxecto de cidade. Eles o único que pedían era que os axudáramos a saír do problema porque mesmo ás veces tiñan falla de información e carecían de documentación. Pedíannos que os axudáramos pero sempre dicían que non estaban en contra, que querían que a cidade avanzase, que a infraestrutura chegase á cidade porque sería un beneficio para todos.

Dicían que algunhas familias quedarían prexudicadas nas súas vidas, nos seus costumes e mesmo a nivel económico, pero que se lles buscáramos solucións e se resolvía o problema de cada un deles, estarían dispostos a aceptar as propostas que se lles fixeran. Comezou así unha relación. Dende o Concello déuselles unha asistencia mesmo para facer as súas valoracións nas negociacións con Fomento.

É lamentable porque se daquela o trazado lles afectaba de xeito directo, o que é impresentable é que logo dun ano e pico estes veciños se atopan nunha situación peor que antes aínda que vostedes digan que o trazado xa non lles afecta. Agora teñen a desesperación de non saber que facer, se tirar cara adiante ou para atrás, se comprar ou non a casa, se os van ou non expropiar, se vai ou non haber reversión, etc.

O máis grave desta situación é o seu desprezo absoluto. O Alcalde de Vigo comprometeuse nun Pleno a facer xestións diante de Fomento pero logo de seis ou sete meses seguen na mesma situación.

Pero aínda é máis lamentable que o Alcalde non reciba a estes veciños. Supoño que o Alcalde de Vigo ten moitas ocupacións pero perder quince, vinte minutos ou media hora para atender a un colectivo coido que está dentro das funcións de calquera alcalde e sobre todo do Alcalde da cidade de Vigo e repito que é este un colectivo que está actuando de xeito positivo, non están reivindicando con malas maneiras os seus posicionamentos.

Sr. López Font, con respecto ó Pleno repito o mesmo que dixen: seguen enganando ós cidadáns. Dixeron que o 1 de xaneiro estaría a tuneladora funcionando e que cada mes se avanzarían cincocentos metros. Que saibamos nós a tuneladora non está

funcionando, pero seguro que vai funcionar na campaña.

Nós tamén temos informacións e sabemos que de momento non hai orde do Ministerio de Fomento para ese cambio de trazado que vostedes din, nin adxudicación, nin os correspondentes contratos coa empresa adxudicataria. De momento a empresa adxudicataria está no ar, non sabe se hai ou vai haber modificado, se está ou non contratado, etc. Todos sabemos que antes do 1 de marzo se vai poñer en marcha o acto de poñer en marcha a tuneladora, pero tamén veremos cantos días despois desa data vai seguir funcionando, non vaia ser que se instale e logo ó mellor nós teñamos que facer o seguimento por veren se segue avanzando.

En calquera caso os compromisos que o Sr. Alcalde adquiriu para o ano 2011, que dicía que iamos ter a entrada do AVE na cidade de Vigo co trazado Cerdeda-Ourense, non sei se se cumprirán, Vostedes poden contabilizar os prazos. Nós temos a certeza plena de que este é un novo “canto de sereas”, que é unha nova promesa electoral. Ata o 1 de marzo imos ter AVE, tuneladora, seguramente imos ter ministros e ministras, presidentes do goberno, da Xunta de Galicia; imos ter de todo. Esa tuneladora vai dar lugar a moitas presentacións, vai ser como o da ETEA porque lembro que dous meses antes das municipais tamén se fixo a presentación da ETEA, hai agora aproximadamente dous anos e medio e, aínda que supoño que algún día se terá que facer, segue sen abrir. Supoño eu que a incompetencia non será para tanto como para que non se abra tamén a ETEA, supoño que algún día algún destes proxectos arrancará e logo falaremos tamén da Cidade da Xustiza.

En calquera caso, a nosa postura segue sendo a mesma, de desconfianza e de moitas dúbida porque se vostedes non son quen de resolver un problema moi puntual de oitos veciños, como serán as outras solucións que se dean e hai seis meses tomamos o compromiso neste Pleno de lles resolver un problema puntual a oito veciños e a día de hoxe está sen resolver, como imos ter nós confianza en que vostedes resolvan o problema dunha infraestrutura tan importante como é a da entrada do AVE á nosa cidade? Supoño que nos seguirán enganando con esa publicidade e ese márketing que fan tan ben. Sabemos que de aquí ó 1 de marzo van pasar por Teis moitos representantes institucionais pero imos ver se logo se cumpren esas promesas que fan. Somos escépticos e dende logo dubidamos da súa capacidade de xestión porque os grandes proxectos seguen todos paralizados. Supoño que coa tuneladora pasará exactamente igual que co novo hospital que presentaron sete veces.

O tema de fondo e de forma é que lles resolvan o problema a oito veciños, oito familias que están pasando por dificultades e non sexan tan arrogantes nin prepotentes, en primeiro lugar porque nin lle comunican a estes veciños que teñen que comparecer e en segundo lugar que non teñan cinco ou dez minutos para que o Alcalde lles poida recibir. Se se comprometen a algo deben cumprilo porque hai seis meses tamén se comprometeron e os acordos ós que chegamos os tres grupos coa mellor intención e vontade están só en papel e os veciños hoxe están outra volta reivindicando.

Eu agradézolles a súa actitude porque foi sempre a prol da cidade e hoxe volvérono demostrar, só queren marchar de aquí cun compromiso de xestión. Estou convencido de que lles darán as grazas a todos os que colaboraron porque eles non están facendo política, non teñen un interese partidista, o único que queren é resolver puntualmente o seu problema persoal e familiar que xa é bastante, se algún de nós estivera na súa situación seguramente non teríamos o mesmo comportamento, igual sería con outras formas.

Se non son quen de recibir, nin comunicarse cun colectivo, non sei que serán capaces vostedes de facer noutras xestións que teñen que levar a cabo. Esperemos que este tema remate hoxe aquí dunha vez por todas e que esta xente poida marchar tranquila cara ás súas casas.

A PRESIDENCIA: Como o seu representante oficial queredo dicirilles ás persoas afectadas e ó seu voceiro, Sr. Sotelino, que en todo este proceso que se vai iniciar agora, porque o proceso de reversión se inicia agora, van ter ó Alcalde decote ó seu carón.

Ata agora non se deu ningún paso porque legalmente non era posible. Antes de dar algún paso era imprescindible aprobar o trazado definitivo do túnel, o que se fixo coido que sobre o 10 de xaneiro. A partir de agora se inicia o procedemento legal de reversión, o de indemnizacións e a satisfacción que merecen os afectados efectivamente polo sufrimento que tiveron coa ameaza de expropiación, co inicio dese proceso, coa paralización e agora eventualmente coa reversión.

Quérolles dicir que a partir de agora si que imos actuar porque este é o momento, o momento no que se vai proceder á reversión de todas as instancias de expropiación. Este é momento no que lles quero dicir que van ter continua e sistematicamente ó alcalde ó seu carón dende a comprensión da dificultade e do sufrimento que supón seren afectado por unha expropiación e sobre todo se ten que ver co domicilio, coa

casa na que se vive, en suma coa familia e coa vida. É doloroso que alguén vexa que a súa vivenda habitual, na que leva vivindo vinte ou trinta anos, cal era o caso que me contaron cando estiven reunido con afectados e me pediron que non houbera lugar as expropiacións. Agora que xa non vai haber expropiacións hai que resarcir de danos e perdas, de problemas e de sufrimentos. Nese procedemento e a partir de agora mesmo van contar vostedes con todo o apoio que o Alcalde lles poida prestar, todo, apoio político, moral e persoal. Espero que en moi curto espazo de tempo teñamos este problema resolto satisfactoriamente para todos vostedes.

Téñolles que recoñecer e agradecer a súa actitude positiva no sentido de apoiar permanentemente o progreso da cidade, pulando e non negándose a que efectivamente o ferrocarril entrara. Xa o facían cando era unha gabia o que había alí e aquilo sería malo para todo Teis e para todos vostedes. Agora a solución é mellor para a cidade, é a doada solución que calquera cidade quere: a entrada en túnel.

O que queda agora é resarcir ós afectados, ós damnificados, ós que sufriron que son vostedes e para iso saben que teñen ó Alcalde a partir de agora mesmo ó seu carón permanentemente. Non se preocupen que nos reuniremos, falaremos, estaremos con Fomento e vostedes terán ó Alcalde permanentemente ó seu carón. Moitas gracias.

2.- (2).- ACTA ANTERIOR. (S. EXTRAORD. 03.11.08)

Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar a acta correspondente á sesión extraordinaria do Pleno que tivo lugar o 3 de novembro de 2008.

3.- (3).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL. EXPTE. 36378/301.

ANTECEDENTES.- Con data 19 de xaneiro de 2009 o xefe da Área de Benestar Social informa do que segue:

"O 27 de xullo de 1994 o Pleno do Concello de Vigo aprobou o regulamento do Consello Municipal de Cooperación e Solidariedade Municipal.

Con data 22 de setembro de 2008 a Xunta de Goberno Local aprobou a modificación do regulamento que resulta aprobado inicialmente no Pleno do 29 de setembro de 2008.

"O 27 de novembro de 2008 D. Levi Olivares González, representando á Rede Social Galicia Sur, plataforma que segundo o seu escrito de alegacións representa a máis de 15 organizacións, presenta escrito de alegacións.

As alegacións presentadas afectan á modificación do nome propio Consello Local, as funcións do mesmo, ao limiar e mesmo á representación das asociacións participantes.

Todas as modificacións propostas parecen máis propias dun debate do Pleno do Consello que da estimación do técnico que informa.

Unicamente aclarar por parte deste técnico que aceptar a proposta de representación sen debate do propio Consello deixaría sen oportunidade de saber o que opinan algunhas das ONGs que poderían quedar sen representación o que non parece moi correcto nun órgano de participación.

Por outra banda no escrito de alegacións fala de que representa a máis de 25 organizacións pero sen aclarar a cantas exactamente, nin aclarar que ocorre se diminúe ou incrementa esa representación."

Polo anteriormente exposto o xefe da área de Benestar social emite a proposta que se contén no apartado 1º da parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 19 de xaneiro, ditamina favorablemente a aprobación definitiva da modificación do regulamento do Consello Municipal de Cooperación e Solidariedade.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Desestimar as alegacións presentadas por D. Levi Olivares González e remitilas ao Consello Sectorial de Cooperación e Solidariedade do Concello de Vigo para o seu debate e proposta.

Segundo.- Aprobar definitivamente a modificación do regulamento do Consello de Cooperación e Solidariedade Internacional, co texto transcrito no acordo da súa aprobación inicial en sesión plenaria do 29 de setembro de 2008.

4.- (4).- RECTIFICACIÓN INVENTARIAL DO CAMIÑO CR BEMBRIVE, R-3. EXPTE. 18037/240.

ANTECEDENTES.- Con data 10 de decembro de 2008, a técnica de administración Xeral da Unidade de Patrimonio, coa conformidade do xefe da devandita unidade e

máis do concelleiro delegado, informa do que segue:

1º.- D. Celso Rivas Barros, en nome e representación da Asociación Escola Rosalía de Castro, presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 23 de febreiro de 2007, solicitando a rectificación do Inventario Municipal de Bens e Dereitos ó obxecto de dar de baixa no mesmo o camiño inventariado como "CR Bembrive R-3", por ser de titularidade da asociación reclamante.

2º.- Durante a instrución do expediente foron levados a cabo os trámites procedimentais regulamentarios e recabáronse informes dos servizos municipais, competentes nas diversas materias que puideran incidir no obxecto do expediente e na resolución que finalmente deban adoptar os órganos competentes desta Administración, constando os seguintes:

- Informe do Sr. Arquitecto municipal da Oficina Técnica da Unidade de Patrimonio, de data 29/03/2007.
- Informe do Servizo de Electromecánicos, de data 19/04/2007.
- Informe do Servizo de Vías e obras, de data 20/04/2007.
- Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 27/08/2007.
- Informe do Servizo de Planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 16/09/2008.

3º.- Así mesmo, outorgouse tramite de audiencia ós propietarios de parcelas lindeiras, na súa condición de interesados no procedemento como titulares de dereitos que se puideran ver afectados pola solicitude de descatalogación presentada, nos termos dos artigos 31 e 84 LRJAP, constando a formulación de alegacións por D. Jesús Trillo Figueroa en data 22/05/2007.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- O camiño obxecto da presente reclamación figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, no epígrafe I de bens inmobles, coa denominación CR Bembrive R-3, como ben de dominio público afecto ó uso público e, na súa condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal. O camiño de referencia, co código de rúeiro 1040, reflíctese no inventario coas seguintes características:

- Lonxitude: 115 m.
- Sección: 6 m.
- Superficie total: 690 m2.

II.- Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopen afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles ós que una lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

III.- Entre os medios e facultades que establece o ordenamento xurídico para

garantir a protección e defensa do patrimonio das Administracións públicas atopase a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados. O inventario patrimonial incluírá, polo menos, os bens inmobles e dereitos reais sobre os mesmos (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario dos bens inmobles comprenderá as vías públicas, as cales constarán cos datos necesarios para a súa individualización, con especial referencia ós seus lindeiros, lonxitude e anchura (artigo 20.g) RBEL).

O inventario deberá autorizarse polo Secretario da Corporación local, co visto e prace do Presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL).

A rectificación do inventario verificarase anualmente, comprobándose sempre que se renove a Corporación, e nela reflectiranse as vicisitudes de toda índole dos bens e dereitos durante esa etapa (artigos 278 LALG e 33 RBEL).

O Inventario Municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo foi aprobado definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ó 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación seguiu o procedemento establecido no artigo 49 LBRL para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as disposicións legais aplicables non o esixen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, en data 19 de decembro de 1992; b) información pública e audiencia ós interesados por prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno. Sen embargo, hai que apuntar que durante o período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación coa inclusión do camiño obxecto do presente expediente no Inventario Municipal de bens e dereitos, no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario. En consecuencia, o camiño de referencia foi considerado vía pública de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal en condición de ben de dominio público afecto ó uso público.

Tralo acordo plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e dereitos, este deveu firme, resultando esgotada a vía administrativa e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordenamento xurídico atribúe ós actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP).

IV.- O presente expediente ten como finalidade determinar se é correcta a inclusión no epígrafe I do inventario municipal do camiño en cuestión en atención ó seu uso público, ou, en caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, se procede rectificar o inventario dándoo de baixa, dado que a Administración municipal non pode entrar en cuestións de propiedade ó corresponder a competencia para o seu coñecemento e resolución á xurisdición civil. Neste senso, a controversia céntrase na configuración ou non dese camiño como público en virtude da súa afectación ó uso público, e da posesión pública e pacífica do mesmo polo Concello de Vigo.

O Inventario municipal de bens e dereitos é un mero rexistro administrativo que por si non fai proba da propiedade dos bens recollidos no mesmo. Ningún precepto legal

permite concluír que o Inventario teña efectos constitutivos para o dominio público, de forma que só os bens incluídos nel o sexan, ou que só mediante a súa inclusión nel poida probarse a súa condición de tales (STS Sala 3ª sección 5 de 21/05/2008).

Son elementos indiciarios da titularidade municipal dun camiño o feito de ser soporte de servizos públicos, que o mantemento do mesmo corra a cargo do Concello, e o seu uso público. Dos informes dos técnicos municipais obrantes no expediente se deduce que o camiño CR Bembrive R-3 carece de servizos públicos. Así, non existen nel servizos de abastecemento, saneamento, nin alumado público. O seu firme atópase pavimentado e non hai constancia de que este mantemento e conservación sexa realizado polos servizos municipais. Tanto os elementos de alumado como os elementos de fábrica que conforman a entrada son de carácter privado. Por último, o camiño serve de acceso á propiedade da Asociación reclamante, o Colexio Rosalía de Castro. Comunica a entrada principal do colexio coa estrada de Bembrive, non servindo de acceso a outras propiedades lindeiras co colexio.

Tampouco consta o seu uso público, pois evacuado trámite de audiencia á Asociación de veciños da zona, esta non formula alegacións. Unicamente un dos titulares das propiedades lindeiras manifesta utilizar o devandito camiño para acceder á súa propiedade dende hai máis de trinta anos. Sen embargo, para probar este uso continuado non son suficientes as sinxelas manifestacións do interesado, as cales non poden servir para cambiar a cualificación xurídica dun camiño e determinar a titularidade municipal do mesmo. En todo caso, de concorrer os requisitos esixidos polo Código Civil e o artigos 82 e seguintes da LDCG, o Sr. Trillo puidera ter adquirido unha servidume de paso, cuestión que non é competencia desta Administración determinar e cuxo coñecemento lle está vedado por corresponderlle ós tribunais da orde civil.

Tampouco o camiño de referencia figura afectado polas aliñacións fixadas polo vixente Plan Xeral de Ordenación urbana, aprobado pola Consellería de Política Territorial da Xunta de Galicia con data 16 de maio de 2008.

Se ben a titularidade municipal se consigna tanto no Inventario Municipal como no catastro, o certo é que, segundo informa o servizo de Cartografía municipal, non aparece reflectido na planimetría municipal antiga. Neste senso, non aparece reflectido no plano Lecar do ano 1964.

Á vista de todos estes datos, non parece que existan indicios da titularidade municipal do camiño CR Bembrive R-3 que xustifiquen a súa inclusión no epígrafe I do Inventario Municipal de Bens e Dereitos. Podemos concluír, en consecuencia, afirmando que procede a súa baixa inventarial."

Visto o anterior a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 19 de xaneiro, ditamina favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da

Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Autorizar a rectificación no Inventario Municipal de bens e dereitos do Camiño CR Bembrive R-3, anulando a súa consideración como vía pública.

Segundo.- Someter a presente rectificación inventarial a información pública polo prazo regulamentario.

Terceiro.- De non se presentar alegacións durante o prazo de exposición pública deste acordo, entenderase aprobado definitivamente.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, os membros da Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

5.- (5).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR RELATIVA ÓS TRABALLOS NA ZONA VERDE DE NAVIA E INSTANDO ARTICULAR UN PLAN EN MATERIA DE SEGURIDADE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de xaneiro, o concelleiro do Grupo Popular, Sr. González Sagarra, formula a seguinte moción:

Nas próximas datas a Xunta de Galicia pretenderá entregar ao Concello de Vigo a zona verde que está a construír na zona de Navia. A obra que pretende revitalizar unha zona residencial onde moita xente moza ten postas a súas expectativas, podería converterse nun espazo que xere deterioro do contorno, inseguridade e abandono por parte dos responsables da súa xestión.

Dende o Grupo Municipal do PP consideramos necesario facer unha serie de apreciacións sobre os traballos que alí se acometen dende hai meses. En primeiro lugar os movementos de terra realizados tiveron que agochar os entullos depositados polas obras de vivendas construídas no perímetro do parque, esperando que non repercuta na drenaxe do subsolo da parcela e nos atopemos con filtracións que poidan supoñer un quebranto importante para as atallar.

Por outra parte o proxecto inicial fala dun bosque caducifolio con carballos, castiñeiros e outras especies autóctonas, estanques de auga e outras superficies para o goce dos veciños, polo que entendemos que se está a acometer a súa infraestrutura cos materiais necesarios en cantidade e calidade así como en número de aspersores por toda a súa superficie para a conducción da auga.

Polo que respecta aos estanques programados con a súa correspondente lámina de

auga, maxinamos que se respectarán as pretensións iniciais do proxecto de que o seu funcionamento sexa a través de enerxía renovable, limpa e sostible.

Ademais destas cuestións sobre a obra que acomete a Xunta de Galicia en Navia, nos preocupa en que condicións farán entrega da mesma ao Concello de Vigo, sen que supoña gasto engadido para as arcas municipais por carencias de infraestruturas á hora de manter a zona verde.

Neste sentido gustaríanos que o Goberno nos dixera que previsión ten para o mantemento da mesma e tamén como e de que maneira pretende manter esta superficie axardinada en materia de seguridade e limpeza.

O Grupo Municipal do PP lamentaría que a nova zona verde de Navia se poida converter noutro espazo máis esquecido da man da xestión diaria dos responsables do Goberno.

Por todo isto o Grupo Municipal do Partido Popular propón ó Pleno da Corporación do Concello de Vigo o seguinte:

Instar ao Goberno Municipal a inspeccionar a execución realizada ata agora e o remate dos traballos da obra da zona verde de Navia, para que se axusten ás necesidades de mantemento que esixe unha superficie de aproximadamente 100.000 metros cadrados e a articular un plan en materia de seguridade e limpeza para previr o deterioro do mesmo por falta de xestión.

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 19 de xaneiro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. GONZÁLEZ SAGARRA: En primeiro lugar quero facer extensible e persoal a felicitación á Sra. Lago pola parte que me toca e porque como “o cortés non quita o valente”, paréceme axeitado.

Non me sorprende en absoluto o que dixó hai uns minutos o presidente dos afectados pola entrada do AVE en Teis en canto a invasión de maleza porque nós xa o denunciámos en varias ocasións.

Esta é unha moción relacionada coa zona verde de Navia que xa hai uns meses se está construíndo co financiamento da Consellería de Vivenda e que nos parece de vital importancia para a cidade porque, como xa saíu nos medios de comunicación, trátase dunha zona verde de case 100.000 m². Como dicía algún dos titulares esta zona se vai converter nun dos parques máis grandes da cidade despois de Castrelos, un parque do que se fala moito xa que mesmo onte saíu algunha información relacionada, un parque que esperemos que non se acabe convertendo nun descampado máis onde realizar os churrascos domingueiros e isto non o digo eu, dicían así algúns titulares de hai un par de anos.

Trátase dun parque con abundante vexetación onde se fará unha aposta pola arquitectura de auga mediante a construción de fontes, estanques e cascadas, etc. Temos e limos o resume do proxecto que fala de distribución de espazos, de diversidade de ambientes, de durabilidade de materiais e de sustentabilidade dende o punto de vista enerxético. Pero tamén temos que falar doutras cuestións como é a accesibilidade a este parque e outras cousas que a nós nos preocupan logo de ver como se están executando as obras. Este é un parque grande e como digo interesante, onde se vai plantar un bosque caducifolio con carballos, castiñeiras e especies autóctonas, do que se di que vai ter enerxías renovables para o seu mantemento.

Preocúpannos varias cousas das que imos falar e esperemos que dende o goberno nos clarexen algunhas cuestións como é a de en que condicións se nos vai facer a entrega dende a Consellería de Vivenda da Xunta de Galicia deste parque, se vai haber carencias en infraestruturas á hora de facer nun futuro o mantemento da zona verde, que pensan facer coa zona axardinada xa que estamos falando de entre 90 e 100.000 m², como dixen. Todas estas cuestións preséntannos serias dúbidas logo da xestión do goberno actual dende hai case dous anos.

Ó Grupo popular gustaríalle que se fixera unha zona verde, un parque con abundante vexetación, pouco formigón, sinxelo, acolledor, onde non haxa estruturas faraónicas, sen barreiras arquitectónicas, con utilidade didáctica, con oportunidades de diversión e lecer para todas as idades. Iso é o que realmente nos gustaría que se nos clarexara porque xorden moitas dúbidas sobre as construcións.

Instamos polo tanto a que o goberno municipal nos informe se realizou algunha inspección ata o de agora dos traballos realizados alí, se se axustan ás necesidades de mantemento da zona e por suposto artellar un plan de seguridade e limpeza para prever o deterioro por falla de xestión.

Insisto en que vendo as xestións que se realizaron ata agora é lóxico que a confianza do Grupo popular no goberno actual estea baixo mínimos e sobre todo nestas cuestións que esperemos que agora nos expliquen.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Este goberno si que está facendo unha clara aposta pola zona de Navia. Nestes momentos estase poñendo en valor unha zona onde moitos mozos van crear o seu fogar, a súa familia, en definitiva o seu futuro. Queremos que sexa unha zona de grande calidade de vida, con grandes espazos verdes de espallamento e de puntos de encontro; por iso estase facendo xa unha zona verde de 90.000 m²

que contempla unha área de xogos de auga, unha zona de estanques e, como ben dicían vostedes, un bosque caducifolio con vexetación singular, zonas de pradería con arbustos, rubideiras, zonas de céspede, pérgolas, paneis soares e prazas. Isto é o que está proxectado neste momento.

Pódolle dicir, Sr. Sagarra, que se está seguindo cada unha das fases da montaxe deste parque, tanto o sistema de derivación de augas como as plantacións das árbores, o sistema de construción, a colocación dos paneis soares, os estanques. Estase realizando todo e facendo unha xestión que vostedes non fixeron porque lles lembro que cando chegamos a este goberno todos os sumidoiros estaban cheos de cemento, polo tanto o que vostedes non fixeron estámolo facendo agora en Navia.

Non só estamos revisando o que se está facendo en Navia senón que este Concello o 27 de marzo de 2008 dirixiu á Consellería de Vivenda da Xunta de Galicia un novo proxecto para a incorporación, ademais deses 90.000 m², 52.000 m² máis de zona verde en Navia onde se contemplan actuacións que non o estaban neses 90.000 m² iniciais. Estamos propoñendo zonas extensibles, viais mixtos de carrís bicis-peóns coa posibilidade de crear un circuíto coroando o parque central; estamos falando de parques infantís, de zonas con pistas de petanca, algunha pista de ping-pong, porque o que queremos é unha zona libre de automóviles que permita o espallamento e o goce dos cidadáns e por iso non nos conformamos con eses 90.000 m², senón que propuxemos 50.000 m² máis.

Pero eu quero dar outro dato que amosa unha vez máis que o Partido Popular está continuamente no engano e para iso vou coller os datos do orzamento deste ano onde están as partidas de mantemento de parques e xardíns; nesa partida de mantemento poden comprobar que se incrementa un 7%. Polo tanto está perfectamente contemplado o mantemento desta zona verde.

Lembro á Sra. Molares cando dicía que este era un orzamento malgastador porque se incrementaba o Capítulo II. O mantemento de parques e xardíns é Capítulo II, polo tanto estamos xustificando un aumento dun 7%.

Lembro tamén que se me acusaba de que como era concelleira de Parques e Xardíns e tamén de Facenda levaba a mellor parte e que polo tanto incrementaba o orzamento de parques e xardíns. Agora resulta que o Partido Popular presenta unha moción pola que se me pregunta se contemplo o mantemento da zona de Navia. Que pasaría se non aumentase este 7% da partida de parques e xardíns? Agora dirían que non fixen ben o orzamento por non contemplaren o mantemento da zona de Navia. Cando o incluíñ se me acusou de repartir para min.

Aquí se demostra unha vez máis que cando se fixo o debate dos orzamentos se enganou á cidade porque si que se incrementou o Capítulo II, pero para cousas que sabemos que son necesarias e entre elas o mantemento do parque de Navia. Lémbrolle que o incremento que está contemplado na partida é dun 7%, Sr. González Sagarra, polo tanto se vostede mirara a modo o orzamento decatárase que si está contemplado o mantemento da zona de Navia.

Estou de acordo coa súa moción porque é o que estamos facendo: inspeccionando a execución realizada, o remate das obras, facendo o plan de mantemento en materia de seguridade e limpeza, pero co que non estou de acordo é co remate que di: “para previr o deterioro do mesmo por falla de xestión” porque se cadra está falando da xestión de seu xa que agora mesmo acaba de facer alusións a un artigo dun xornal de hai dous anos e daquela nós non estabamos neste goberno; hai dous anos o artigo dicía: “Non queremos que esa zona se converta nun campo de domingueiros para facer churrasco”. Como iso é de hai dous anos está falando da xestión do Partido Popular.

Lémbrolle como estaba a zona de Balaídos, como deixaron o xardín de “Párroco José Otero”, o “Mestre Montes” e todos os parques infantís. Polo tanto, si estamos de acordo coa súa moción sempre e cando retiren a parte final que di: “para previr o deterioro do mesmo por falla de xestión” porque vostedes están supoñendo que vai haber falla de xestión e o que estamos demostrando nós é que estamos recuperando todos os parques que vostedes si deixaron abandonados por falla de xestión.

Con respecto á maleza, pódolle presentar aquí fotos de todas as actuacións que se están facendo en materia de limpeza de maleza e lémbrolle que estamos facendo actuacións na Estrada Provincial que é competencia da Deputación. Polo tanto, Sr. González Sagarra, o que ten que dicir é por que a Deputación non está limpando as zonas que ten que limpar.

SRA. VELOSO RIOS: Preséntase esta moción sobre os traballos na zona verde de Navia que como ben se explicou está desenvolvendo a Consellería de Vivenda dentro do polígono residencial de Navia que ofrece vivendas de xeito accesible para unha parte importante da poboación de Vigo e principalmente para xente nova. Como se dixo xa, converterase na zona verde máis importante da cidade.

Os traballos estanse facendo de maneira seria e responsable e ó igual que se fixo coa parte residencial, estase facendo coa zona verde de Navia e, tal e como explicaba a concelleira de Parques e Xardíns, en total colaboración co Concello de Vigo. De feito

teremos unha zona residencial con zonas verdes, con servizos dun tamaño e calidade exemplar tanto en Vigo como en Galicia.

Estase facendo un seguimento puntual por parte da Consellería e de feito a vindeira semana a propia conselleira, Teresa Táboas, realizará unha visita a esta zona verde. Garántese o bo estado na entrega pola propia Consellería e ademais durante o primeiro ano ocuparase do mantemento e xestión desta zona verde de tal xeito que calquera problema que poida xurdir durante este tempo, unha vez rematadas as obras resolveríase puntualmente.

Por suposto que hai que estar vixiantes cando se realizan obras deste tipo, pero tamén pediría unha cousa, independentemente de que esteamos vixiantes e de que queiramos garantir a correcta realización e mantemento deste tipo de obras, tentemos tamén seren un pouco construtivos e gozar un pouco do que se fai. Criticar porque non se fai e criticar porque se fai, ás veces parece que nos leva a un disparar a todo o que se move que non creo que beneficie a ninguén.

Agradecemos a presentación desta moción para que nos manteñamos alerta, pero coido que tal e como se explicou xa, tanto por parte da Consellería de Vivenda, como do Concello de Vigo, estanse realizando estas obras de maneira seria e responsable e coido que se pode garantir o resultado tal e como se está realizando agora mesmo.

Unha vez máis: criticar por se acaso, polo que poida pasar quizais sexa un pouco excesivo.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Quedo perplexo unha vez máis pero deste goberno non se pode esperar máis que o de sempre: facer oposición á oposición. Veñen aquí debuxarnos un panorama idílico e en troques de resolver dúbidas, buscar puntos de encontro para estar todos de acordo e pelexar por resolver problemas que pode haber nesta zona verde en particular, en troques de iren todos no mesmo sentido vostedes píntannos unha vez máis un panorama idílico e acorde á carencia de virtudes por parte do goberno e do Grupo Socialista. Carencia sobre todo de tres cousas: humildade, algo de modestia e algo de prudencia.

A verdade é que nos gustaría ter algún punto de encontro pero é que nos debuxan un panorama idílico que me lembra a ese panorama idílico tamén que nos debuxaban o Sr. Zapatero e o Sr. Touriño hai case dous anos referente á situación económica e laboral, cando nos falaban do pleno emprego e agora xa vemos a situación na que nos atopamos. Vostedes sempre fan o mesmo, en troques de recoñecer algúns erros polo que non pasa nada e tentar buscar acordos coa oposición, fan oposición á

oposición e logo nos debuxan ese panorama idílico semellante ó que nos debuxaba o Sr. Zapatero cando falaba de que superábamos en renta per cápita a Francia e Italia e agora xa vemos que somos o País con máis destrución de emprego e máis diminución de produción industrial de toda a Unión Europea. Pero ese é o seu bo costume: non recoñecer erros e obrigar á oposición a entrar en máis profundidade porque de vostedes non se pode esperar que fagan un xuízo de valor.

Enriba fálanos de que nas últimas semanas ou meses fixeron unha inspección da execución desta obra. Fálannos tamén dun aumento no orzamento aínda que non está claro que fose para o mantemento desta zona verde porque non o di por ningures, eu teño ese orzamento e a min gustaríame velo. Falounos tamén dos parques infantís, Sra. Díaz, e diso tamén imos falar. Xa que vostede ven con ese “bo talante” co que vostede acostuma, acomódese e imos falar en profundidade, imos falar de moitas cuestións.

Imos falar dun parque de case 100.000 m² que no seu proxecto inicial figuran dúas bocas de rega que nos parecen insuficientes para abastecer toda a zona de auga para as regas correspondentes. Supoño que tampouco saberá que as canalizacións que se están instalando alí son de PVC que non son moi axeitadas para este tipo de cousas, son máis ben para sistemas eléctricos; para isto deberían ser de PBD, polietileno de baixa densidade, pero como dixen tampouco vou entrar en moitos detalles técnicos.

Gustaríanos que algunha destas cousas das que vou falar nolas aclararan pero é metafisicamente imposible polo que se está vendo non xa neste Pleno, senón ó longo dos últimos dous anos.

Gustaríanos saber como é posible que os veciños de varias edificacións da zona de Navia xa dende o segundo andar non vexan nada ó fronte máis ca unha montaña. Seguro que moitos cidadáns están enganados por vostedes porque aí o único que se ve é unha montaña.

É imposible que nós esteamos en contra deste proxecto. Estamos a favor de que se cre alí unha zona verde que vai ser a segunda máis grande de todo Vigo, pero estamos a favor de que esta zona se faga con xuízo e con sentido común, cousas das que dende logo carecen bastante.

Gustaríanos que nos falara tamén do estudo de impacto ambiental que está no proxecto e do que se ten que facer un seguimento dende a Consellería de Medio Ambiente, porque este proxecto é da Consellería de Vivenda pero, que hai do estudo de impacto ambiental? Por que se fixo ese movemento brutal e esaxerado de

toneladas de terra, de entullos e de cemento? Porque moitos cidadáns xa se están sorprendendo e sobre todo os que viven alí.

Onde se clasificaron eses entullos? Como se aterraron e por que? Sabe vostede, Sra. Díaz, que os entullos desas obras os teñen que levar a un xestor autorizado e reciclalos? Onde están? Onde están as autorizacións? Que empresas xestionaron eses residuos, onde se enviaron e como se aterraron? Porque me atrevo a dicir que alí se aterraron moitas toneladas de entullos sen clasificar e sen cumprir coa vixente normativa de Medio Ambiente. Son moitas as toneladas de entullos e teño aquí moitas fotografías, aínda que vou sacar só algunhas para non estenderme en exceso. Foron moitas as toneladas de terra e de cemento as que se moveron alí, é impresionante e a verdade é que non deixa de sorprendernos e preocuparnos. Preocúpannos todas as irregularidades que se puideron cometer neste parque verde de Navia, preocúpanos que non se cumpra coa normativa medio ambiental e que non se faga sinxelamente porque a Consellería de Vivenda a dirixe o Bloque Nacionalista Galego e a Consellería de Medio Ambiente diríxela o Partido Socialista na Xunta e como non se falan entre si as distintas Consellerías que hai na Xunta porque resulta que as Consellerías dirixidas polo Partido Socialista non se falan nin se entenden coas do BNG, xa vimos a recente liorta na adxudicación eólica, esas son as formas cotiás do bipartito na Xunta e por iso esperemos que cambien as cousas dentro de pouco. Atrévome a instarlles a algo máis no que atinxe ós entullos: chamen ó SEPRONA e díganlles que fagan unhas catas alí, é sinxelo, pódeo facer porque ten tecnoloxía, pode mandar alí uns compresores, fai uns orificios, saca unhas mostras e se analizan. Quen queira pode ir velo pero, como lle dicía, imos falar moito, imos seguir falando, Sra. Díaz.

En canto ó tema cimentación-compactación, como alí se moveron tantas toneladas de terra nos gustaría que nos respondera a se as pilotaxes de formigón teñen a suficiente capacidade para a altura que se lle deu ó parque porque, de se faceren unha compactación, debería facerse por camadas deses milleiros de toneladas de terra. Dende logo se hai entullos aterrados, que si os hai, iso pode supoñer un futuro problema porque se poden orixinar fendas que coas augas pluviais causen filtracións e se abran as fendas aínda máis. Gustaríanos tamén aclarar isto. Gustaríanos saber tamén se se van producir movementos e escorrentías maiores no futuro porque isto pode pasar en dous meses, unha vez rematado o parque, ou nun ano. É preocupante. Gustaríanos saber como vai asumir o Concello o mantemento desta obra nas condicións nas que se está executando, tamén se é suficiente a infraestrutura de

rega, se hai un plan de seguridade.

Descúlpenme por non ter suficiente confianza no goberno, pero como a imos ter logo das declaracións desta mañá do representante dos afectados de Teis, logo de todas as tropelías, da escaseza de xestión, da absoluta desidia e das denuncias dos últimos meses? Como imos confiar neste goberno?

Falaba dun plan de seguridade, Sra. Díaz; hai tan só uns días un compañeiro, Sr. Coello, facía referencia ó problema dos camións. Como imos confiar en vostedes se precisamente esa zona, dende a rotonda ata a zona de Comesaña, nin sequera ten luz? O seu problema, Sra. Díaz, é que non percorre a cidade, non lle gusta, fai política de despacho e así hai problemas que xorden como o contorno do Lagares en Comesaña convertido nun depósito de camións. Como imos confiar nun plan de seguridade do Concello con estes antecedentes?

Pasando ó tema das enerxías limpas trataremos da sostibilidade do parque. Falan dun parque sostible por medio de enerxías limpas a través da instalación de paneis soares. Neste sentido eu atrévome a anticipar unha cousa: este parque non se vai soste con enerxías limpas. É verdade que se van instalar placas soares e eu diso non teño ningunha dúbida, pero a enerxía sobranse se vai acumular en baterías ou acumuladores, pero o que é alucinante é que estas baterías non se viron en ningún sitio do planeta, non teñen ningunha característica dende o punto de vista medio ambiental, non se poden caracterizar por ser medio ambientalmente sostibles.

Dáme a risa porque isto é unha chapuza máis e o que vai pasar é que no invernos se vai utilizar enerxía convencional e no verán a chapuza das baterías onde se vai acumular a enerxía sobranse. Atrévome a anticipar algo máis, os transformadores de Unión Fenosa nesa zona non teñen capacidade suficiente para abastecer un parque duns 100.000 m² máis todo o que vostede dixo que ían facer que non está escrito por ningures, nin publicado, nin nada de nada. Pero esta é a outra chapuza que se vai facer a nivel de enerxías renovables, logo da chapuza de amontoar toneladas de terra.

Insisto en que isto é consecuencia da súa falla de modestia e humildade, Sra. Díaz. Vostedes nunca van recoñecer ningún erro, xa o vimos co Sr. Touriño que nos prometía 35.000 postos de traballo e agora son menos 35.000; tamén co Sr. Zapatero que nos prometía pleno emprego e agora vai ser desgraciadamente pleno desemprego.

A PRESIDENCIA: Sr. González Sagarra, ten esgotado o seu tempo, por favor, vaia

rematando.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Paso agora ó que eu chamo danos e efectos colaterais. Vostede falaba de parques, Sra. Díaz, e nós estamos de acordo en que se instalen parques alí, como non imos estar de acordo con proxectos positivos para a cidade, pero parques rodeados con zonas de lousas de pedra nos extremos, xusto o máis adecuado e acorde coa lexislación vixente, Sra. Díaz. Vostede non nos pode dar leccións de ningún tipo, tampouco neste caso con parques que ademais tiñan o cartel do Concello e agora non o teñen, quitouno esta semana porque se decatou da nosa moción, informárona e quitounos. Como os quitou teño que recoñecer que polo menos para algo serve a nosa acción de oposición.

Teranos que explicar tamén o dano colateral do hórreo que había na zona hai uns cantos meses, o propietario cedeuno, desmontouse pola Consellería de Vivenda, que a Sra. Táboas non ten nada que aportar a esta cidade, con moi pouca equipaxe se presenta a estas eleccións. Pois este hórreo desmontárono e deixárono na asociación de veciños da zona e alí quedou perdido. Onde está este hórreo? Ademais coñecemos tamén ó seu propietario.

Poderíamos falar de moitas outras cousas que nos dan pouca confianza como é a situación do centro da cidade onde mesmo hai moitas gabias baleiras que vostede non as soubo arranxar sinxelamente porque o seu traballo é facer oposición á oposición, caracterízase por iso.

Remato xa dicindo que en política medio ambiental o bipartito só trae a 2.000 persoas para as eleccións e póñeas a limpar gabias. Iso é o PER galego, niso queren converter esta autonomía, despois de Andalucía e Extremadura, Galicia. Moitas gracias.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: En que quedamos, queremos ou non as gabias limpas? Se non as limpamos porque non o facemos, agora que as limpamos, que temos unha brigada por parroquia, quéixanse de que a teñamos e de que cremos emprego. Acábanos de acusar da crise, estamos xerando emprego con esas brigadas, pero non o podemos facer. Non son electorais, son para un ano, Sr. González Sagarra, as eleccións xa terán pasado dentro dun ano.

Non me contestou sobre se vai ou non quitar o retrouso final da moción. Lembre que dicíamos que votaríamos a favor sempre e cando retirase o de “para previr o deterioro do mesmo por falla de xestión”, que xa digo que estamos de acordo porque

é algo que estamos facendo.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Si, retírase.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Pois moitas gracias, Sr. González Sagarra.

Eu teño unha pregunta inicial que é que nos presentan agora esta moción cando xa hai dous anos que vive xente alí; pregúntome que se tanta presa teñen porque se remate, que é certo que nós tamén a temos, por que non instaron á Xunta hai un par de anos para que se controlasen e se rematasen esas obras?

Irei ó discurso de seu aínda que non é moi congruente porque ten contradicións, pero por seguir o seu fío.

Cúlpanos a nós da crise, da situación económica, de que non exista pleno emprego, o que demostra unha vez máis que aínda non se decataron de que estamos nunha crise internacional e que nos EE UU hai maiores cotas de desemprego que en Galicia onde, por suposto que está caendo o emprego, pero menos aínda que no resto de España.

Di que non recoñecemos erros. Eu podería falar doutros erros como o do Prestige, da guerra de Irak; cando recoñezamos uns, recoñeceremos outros.

Empezou a falar tamén dunha serie de cuestións técnicas, se estabamos metendo PVC e que ese material non é o máis axeitado. Vou ler polo tanto o proxecto que se realizou hai máis de dous anos onde se di con respecto ós estanques: "...os superiores e os inferiores executaranse cunha lámina de PVC asentada sobre o leito". Cando fala de canalizacións tamén fala de "canalizacións de polietileno, tubo aterrado de PVC de diámetro de 40 mm". Este é un proxecto de máis de dous anos.

Se non estaban de acordo coas canalizacións de PVC, por que non o dixeron? Se é necesario un estudo de impacto ambiental, por que non o pediron hai dous anos? Este proxecto é o que estaba, é o que nos atopamos e estamos cumprindo o que pon. Se non estaban de acordo co proxecto, se esas non son as canalizacións ou os materiais axeitados, por que non o dixeron?

Di que se botaron alí toneladas de entullos. Eses entullos non se produciron nun ano e ademais foron dos edificios que se fixeron hai máis de dous anos, en seis meses non se fan toneladas de entullos porque non había nada.

Logo meteuse co goberno bipartito, que non se falan uns cos outros. O Sr. González Sagarra leu as enquisas publicadas onte e como lles dá que perden dous parlamentarios e un gáñao o Bloque e o outro o Partido Socialista ten que criticar e

dicir que as cousas van mal. Tan mal nos van que non só imos gañar as eleccións, senón que imos ter máis votos que hai catro anos. Póñolle un exemplo: cando foi o Plan Xeral votaron a favor tanto o Bloque como o PSOE e os ditames da Xunta foron a favor.

Novamente volve falar de se as pilotaxes aguantan ou non; novamente está falando do proxecto, pois de non estaren de acordo con el tíaño que dicir hai dous anos. Eu non son nin arquitecta nin técnica, non sei se aguantan ou non, pero se un técnico o di eu téño que crer. Se vostede é un técnico e coida que iso non aguanta tíaño que dicir antes porque se está poñendo en perigo igual ata a seguridade dos cidadáns. Se vostede cala tamén está incorrendo nun grave erro. Se iso é perigoso dígaos e denúncieo vostede porque eu non podo dicir se aguantan ou non.

De novo falou do mantemento Sr. González Sagarra, o plan de mantemento que hai para Navia é exactamente o mesmo que hai para calquera zona do centro e tamén os parques do rural se están mantendo de igual xeito que os do centro. Nós non imos deixar parques abandonados coma fixeron vostedes. En Navia vaise seguir o establecido nos pregos de condicións exactamente para todos e cada un dos parques, dá igual que estea nun barrio, nunha parroquia afastada ou na Gran Vía, dá exactamente igual, teñen todos as mesmas características e as mesmas condicións. A diferenza está en que nós si estamos atendendo.

Insiste novamente en que non percorro a cidade e eu xa estaba pensando en que vostede quería vir novamente comigo, pero para facer percorridos pola cidade prefiro mellores compañías; non teño nada contra vostede pero prefiro elixir as compañías coas que percorrer a cidade.

Falou da zona do Lagares. Quere que lle fale de como estaba Muíños e como o deixamos? Por suposto que quedan zonas sen arranxar pero é que nun ano non podemos arranxar o que vostedes non fixeron ou deterioraron en tres anos e medio.

Tamén falou das enerxías renovables, dos paneis soares. Xusto a semana pasada estivemos falando deses paneis soares, falamos de que se van conectar en rede, vaise pasar a enerxía a Fenosa e logo que nos subministraremos de Fenosa. Pero o que vostede non sabe é que estamos metendo alí un sistema soar fotovoltaico asesorados pola Axencia Municipal da Enerxía, onde está representada entre outros a Universidade, deu o prace a esa instalación que cumpre todas as normas legais.

Pero se vostede fala diso, eu pregunto, como sabe que se está facendo alí? De onde saca esa información dos acumuladores? Se estaban previstos no proxecto, estanse colocando e resulta que non está de acordo, por que non o dixo?

Falaba do parque infantil. Nós non estamos de acordo en como se fixo, non estamos de acordo en recibilo tal e como está porque a nós si que nos interesa a seguridade. Pero vostedes si que recibiron un parque infantil que non tiña acceso para minusválidos e non lles importou que non cumprira as normativas; recibírono e publicítárono. Fixérono coa Deputación, por suposto, porque non tiñan cartos pero o fixeron sen cumprir as normas e inaugurárono. Nós non o quixemos recibir e por iso non queriamos que figurara alí porque de momento non queremos que sexa do Concello de Vigo. Cando cumpra a normativa si será do Concello de Vigo, pero así non. Xa ve, Sr. González Sagarra, que inspeccionamos porque nos demos conta de que non cumpría a normativa e retirámolo porque precisamente estamos inspeccionando.

Polo tanto si que estamos inspeccionando e facendo o plan de mantemento e se de novo quere saír falando da maleza eu podo amosarlle aquí todas as fotos do que estamos limpando, do que se fai en tres días no Camiño do Castañal, Camiño da Rosa, Camiño de Figueiras, da Orxa, de novo no Camiño da Orxa, Subida a San Sebastián, Areeiro, Cruceiro, Folón, Camiño do Pazo, Camiño do Seixo, Río da Barxa, Camiño acceso Pereira-Madroa, Clara Campoamor en Castrelos, Clara Campoamor, de novo Foxo, Foxo, San Xoán Bastos, Baixada á Praia de Saiáns, Bouciña, Gondarisco, Porriño-Coia, Salgueiro en Candeán, Xoán Bastos, no segundo cinto de Navia... Isto é o que se fai en tres días de traballo e está asinado polo capataz. Isto é o que fixemos e é a diferenza co que vostedes non fixeron.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Non estamos en contra de que se limpe, pero co que non estamos de acordo é con que instauren en Galicia ese traballo tipo PER poñendo a traballar así a esas 2.000 persoas.

Sra. Díaz, xa lle dixen antes que as obras se comezaron hai sete meses. Nós fiámonos dos proxectos e das informacións de hai dous anos e tamén de hai sete meses, pero as obras deste parque comezaron no verán do ano pasado, non hai dous anos. Non me fale polo tanto de hai dous anos.

Hai un dito que é “dise o pecado pero non o peccador” e eu non lle vou revelar as miñas fontes de información, esta téñoa dispoñible, sei do que estou falando e así pois, ratifico palabra por palabra todo o que dixen na miña primeira intervención, non me vou botar atrás en nada do que falamos aquí hoxe.

Nós non estamos en desacordo coa execución deste parque, como imos estar en desacordo cun proxecto que é positivo para a cidade? Co que non estamos de acordo

é co brutal movementos de terras, co enterramento de residuos sen clasificar cometendo moitas irregularidades nesta zona. Non estamos de acordo cun parque que se alzou en altura sen respectar a orografía orixinal, nin co incumprimento da lexislación vixente no que atinxe ó hórreo que estaba alí inicialmente e que non sabemos onde está, está desaparecido.

En todo iso estamos en desacordo e aínda que a vostede lle desguste imos seguir percorrendo a cidade palmo a palmo e traendo aquí iniciativas, proxectos e todas aquelas cuestións que nos parezan de importancia como é esta. Imos seguir facéndoo e traballando pola cidade.

É lóxico que non nos fiemos de vostedes e léolles outro exemplo do por que: “Bruxelas pide explicacións á Xunta polo abandono do centro financiado con cartos da UE, Centro de Interpretación da Natureza nas Gándaras en O Porriño”. Esta é a xestión medio ambiental do bipartito na Xunta.

Vou facer un resume e aportar algunha idea xa que aínda hai tempo para mellora e levala a cabo.

A PRESIDENCIA: O seu tempo é xusto, non se estenda moito, por favor.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Vostedes fixeron unha formación rochosa nun lugar cunha topografía bastante chá, meteron alí unha chafallada, unha montaña rusa, algo indescribible, unha auténtica barbaridade. Con iso non estamos de acordo. Non sabemos ben por que non fixeron un parque como se merece Vigo, con abondosa vexetación, con pouco formigón, sinxelo, acolledor e non con barrabasadas deste tipo. Non entendemos por que o fixeron así.

Voulles poñer varios exemplos que vostedes poderían seguir e que ademais por razóns persoais coñezo bastante ben. Un exemplo: o parque de inverno de Oviedo onde non hai barreiras arquitectónicas, con 120.000 m² e distintas áreas de actividades en función das idades, tamén cun rocódromo.

Pero é que neste parque todo é rocódromo, hai que ir con piolet. O outro día paseando por alí cuns amigos e cos seus fillos un dos cativos preguntou se ían poñer un tobogán para se tirar dende enriba. Tamén nos preguntamos pola accesibilidade, onde están os medios de accesibilidade para persoas minusválidas e para persoas maiores? Onde está o plan de seguridade deste parque que vai ser brutal?

Vostedes poderían seguir un exemplo máis próximo: o parque da Canuda de Salvaterra de Miño; é un parque con paseos, con area, cun carril bici. Como se vai

instalar no parque de Navia o carril bici se hai que subir en ascensor? Insisto que é todo rocódromo. Temos o exemplo do parque de Salvaterra de Miño que mesmo ten horta e animais varios, cun pombal, cun lago. Non entendemos por que non se fixo un parque dese estilo e tampouco a brutalidade que se está cometendo.

Dende logo que a Sra. Táboas pouco ten que dicir nesta cidade, pouco ten que aportar e pouca equipaxe nos vai traer.

A PRESIDENCIA: Sr. González Sagarra, estase pasando longamente do seu tempo. Remate, por favor.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Nós estaríamos de acordo cun parque sen tanta arquitectura, sen tanta obra faraónica.

O que está claro é que este goberno en cuestións de medio ambiente sofre moitas parálises, ten a crónica e logo ten outras moitas como o síndrome do ausente, o do caracol e sobre todo o síndrome da vítima, ter sempre unha escusa para xustificar os erros que nunca van aceptar. Esa é a verdadeira cuestión.

Fíxense que os estamos advertindo agora dos problemas que vai haber neste parque, tamén en cuestións de seguridade, de mantemento, de todo tipo. Sra. Díaz, estamos advertíndoo antes de que o rematen

A PRESIDENCIA: Procedemos á votación deste punto logo do debate e da aceptación da emenda "in voce" presentada pola Sra. Concelleira de Parques e Xardíns.

Emenda formulada pola concelleira do Grupo Socialista, Sra. Díaz Vázquez, durante o curso do debate:

Suprimir a última frase da moción "...para previr o deterioro do mesmo por falta de xestión".

A presidencia, coa conformidade do concelleiro Sr. González Sagarra, somete a votación a moción coa emenda formulada pola Sra. Díaz Vázquez.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Inspeccionar a execución realizada ata agora e o remate dos traballos da obra da

zona verde de Navia, para que se axusten ás necesidades de mantemento que esixe unha superficie de aproximadamente 100.000 metros cadrados e articular un plan en materia de seguridade e limpeza.

6.- (6).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOLICITANDO SE INSTE Á XUNTA DE GALICIA A DECLARAR A SUPRAMUNICIPALIDADE DO PROXECTO DA CIDADE DA XUSTIZA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de xaneiro, o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Conde Gil, formula a seguinte moción:

"Os anteriores gobernos municipal e autonómico asinaron un protocolo de colaboración para a construción da chamada Cidade da Xustiza, que tiña que estar rematada no ano 2007 e que axudaría a paliar as deficiencias materiais da administración de xustiza en Vigo, e por ende da posibilidade de dotar a Vigo de máis e mellores servizos, cun investimento previsto de 4,5 millóns de euros.

Como temos dito, os actuais xulgados atópanse con centos de procesos sen resolver pola falla de medios humanos e de espazo.

A única xustificación por parte do Goberno Local, por non ser quen de iniciar as obras, é a falta dos terreos, motivo polo cal entendemos que o igual que aconteceu co Hospital, procede a declaración de supramunicipalidade do proxecto conforme prevé a Lei a fin de axilizar o máis posible a construción da Cidade da Xustiza.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Que por parte do Concello de Vigo se inste á Xunta de Galicia a fin de que conforme prevé a Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, se declare a Supramunicipalidade do proxecto da Cidade da Xustiza, procedendo conforme sinala a lei."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 19 de xaneiro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. CONDE GIL: Traemos novamente o tema da Cidade da Xustiza a este Pleno porque entendemos que é unha grave preocupación non só do Grupo municipal do Partido Popular, senón de toda cidadanía tal e como puidemos observar a través dos medios de comunicación.

Dixen en reiteradas ocasións neste Pleno que para o Sr. Touriño a xustiza en Galicia foi un tema residual, así converteu a xestión destas competencias nun apéndice do

departamento de Vicepresidencia e o que é máis grave e significativo aínda, é que durante estes case catro anos de bi-goberno contou con tres directores xerais de Xustiza o que ven significar que algo non funciona.

Tampouco funciona a nivel nacional e todos podemos ver como os xuíces están presentando unha serie de reivindicacións que rematarán cun paro parcial nalgúns sitios, con manifestacións o 18 de febreiro e cunha folga o 26 de xuño.

Trouxemos ó anterior Pleno o tema da Cidade da Xustiza, tomouse a risa por parte do goberno municipal que votou en contra e o que ó meu xuízo é máis grave é que o Sr. Alcalde non só non fai unha reflexión de por que a Cidade da Xustiza non está actualmente en marcha ou mesmo rematada, como era un compromiso político, senón que coma sempre a culpa de todo isto tena o Partido Popular, cousa que a verdade non sorprende. "Amosouse insatisfeito co avance desta nova infraestrutura pero culpou diso ó PP. Dixo que o anterior goberno o deixara empantanado ó non aprobar o PXOM e cinco meses logo da entrada deste en vigor non se pode facer á velocidade debida". Estas eran palabras do Sr. Alcalde: "Aínda así asegurou que xa estaban en conversas cos propietarios dos terreos onde se localizará este novo equipamento para tentar recuperar o tempo perdido".

Non hai que ir moitos meses atrás, en abril do pasado ano, en concreto os días 7 e 8, cando tiveron unha xuntanza o Sr. Caballero e o Sr. Méndez Romeu e o primeiro garantía que "Se desbloqueará unha das máis grandes demandas desta cidade". O xornal seguía dicindo: "O rexedor local garantiu ó conselleiro da Presidencia que os terreos para a construción da Cidade da Xustiza, previa expropiación das parcelas afectadas, estarán ó dispor da Xunta de Galicia antes de que remate este ano". Falábase do ano 2008, non polo 2118. Díciase que coa aprobación do PXOM se poderían poñer a disposición os terreos pero o certo é que estamos a finais de xaneiro de 2009 e do prometido nada de nada. Ademais unha vez máis botándolle a culpa ó Partido Popular que o único que fixo en todo este proceso foi deixar un convenio no ano 2005 coa Consellería de Xustiza polo que Vigo contaría cunha Cidade da Xustiza que ata agora non ten.

Pero iso si, o Sr. Alcalde e o Sr. López Font dedicáronse durante este tempo a reprender ó decano dos xuíces da nosa cidade, D. Jaime Bardagí, recriminándolle que non se quería poñer ó teléfono ou non quería concertar unha entrevista para lle explicar o proxecto da Cidade da Xustiza. O caso é que os xuíces de Vigo para o día 18 deste mes diante da falla de medios convocaron un paro, cousa que nos parece bastante razoable dada a situación na que se atopa a xustiza na nosa cidade.

Non se pode criminalizar e estar meténdose, polo dicir dun xeito suave, cos axentes que non están de acordo coas actuacións do goberno e botarlles a culpa dicindo que non se queren reunir, que non collen un teléfono ou reciben un fax. O que hai é que poñer enriba da mesa solucións serias e non lles botar a culpa ós xuíces e si ó propio goberno municipal pola súa inactividade.

Por iso traemos esta moción, dado que o goberno está amosando unha absoluta inoperancia e ineficacia na posta a disposición da Consellería de Presidencia dos terreos para o inicio inmediato da Cidade da Xustiza, porque mesmo o Sr. Méndez Romeu prometera que as obras se iniciarían a finais do ano 2008 e agora xa estamos falando do ano 2010.

A moción di: “Ó abeiro do disposto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, se declare a supramunicipalidade do proxecto da Cidade da Xustiza, procedendo consonte sinala a lei e apurando o máis posible os prazos conforme establece a antedita normativa”.

SR. MARIÑO MENDOZA: Fálanos vostede da grave preocupación de toda a cidadanía en canto á Cidade da Xustiza. Tamén é a nosa.

Eu supoño que alguén lle falaría da incidencia supramunicipal e non sei que lle contarían, pero dende logo que non llo explicaron ben porque a tramitación dun plan de incidencias supramunicipal que nunca se descartou demora o mesmo prazo que as dúas vías que hai abertas que son a tramitación e o desenvolvemento do ámbito e a tramitación dun plan de infraestruturas e dotacións que é o que reflicte o Plan Xeral.

O que está claro é que os plans supramunicipais eran eficaces cando vostedes gobernaban, era o momento, exactamente igual que se fixo co cuarto hospital porque non existía planeamento e ese é o momento de que estes plans se apliquen. Non se pode esperar polo desenvolvemento do planeamento porque demora moito os prazos. Agora contamos co Plan Xeral.

Eu teño un informe dos técnicos de Planeamento de Vigo que di que os prazos son case os mesmos para as tres vías, só hai un mes de diferenza, pero o problema a maiores é que nós non levaríamos a dirección dese desenvolvemento.

Non é unha vía que descartemos pero o momento de executar un plan supramunicipal sería cando vostedes gobernaban. Vostedes asinaron un protocolo no 2005 e a partir de aí non fixeron nada, nin encargaron os parcelarios, nin fixeron unha ordenación, nin fixeron absolutamente nada. Non entendo entón onde está esta

grave preocupación que senten vostedes porque cando puideron desenvolver este plan de incidencia supramunicipal non deron nin un só paso.

Non entendo polo tanto como agora nos poden traer isto se os prazos non se acurtan cun plan de incidencia supramunicipal.

SRA. VELOSO RIOS: A miña intervención vai tamén na liña da do Sr. Mariño porque na moción solicitan a declaración de supramunicipalidade pero non acaban de explicar en que beneficia ó proxecto da Cidade da Xustiza esta declaración.

Entendemos ademais que para este proxecto en concreto non é o máis acaído, non explica moi ben as vantaxes e acabamos de escoitar tamén que en cuestión de prazos, que é do que estamos a falar, non supón vantaxe ningunha con respecto ás outras posibilidades de tramitación e ademais poñernos a iniciar toda a tramitación para esta declaración de supramunicipalidade non parece que vaia axudar en nada.

Se estamos de acordo, e coido que o estamos todos, da importancia dada a situación das infraestruturas de xustiza, dos recursos xudiciais que temos na cidade, no partido xudicial e na provincia, que son os ámbitos de actuación da Cidade da Xustiza dos que estariamos falando, si é un proxecto importante e prioritario.

Por iso nós entendemos que o máis acaído é realmente dar un novo e reforzado pulo a este proxecto e non buscar unha “solución” un pouco peregrina, porque xa vemos que non é solución ningunha, senón que temos que responder ás demandas da cidadanía e axilizar os trámites que permitan a correcta realización de proxectos prioritarios para a cidade como este e outros que agora mesmo se están desenvolvendo na nosa cidade, demandas sociais que temos que atender e que non se poden atrasar por cuestións de tramitacións, licenzas de obras, etc.

Eu creo que nos temos que comprometer aquí sen dar máis voltas e sen buscar solucións pouco realistas e levar adiante este proxecto.

Por iso nós queremos propoñer unha emenda á moción presentada polo Grupo municipal do Partido Popular substituíndo o acordo por outro texto que realmente é chegar a un compromiso de todas as forzas políticas e das administracións. O texto diría: “O Pleno da Corporación insta a todas as administracións competentes implicadas na construción e desenvolvemento do proxecto da Cidade da Xustiza a acelerar os trámites a fin de axilizar o máis posible a construción da Cidade da Xustiza”.

SR. CONDE GIL: Non imos admitir a emenda porque nos cambia totalmente a moción

e o que queremos é que se acelere e non que caia nos despachos e acabe como están ata agora moitos proxectos de Vigo, mesmo con declaracións de supramunicipalidade como o hospital de Valladares do que levamos sete presentacións. Nós non queremos sete presentacións, queremos que as cousas se executen.

Sr. Mariño, si que me explicaron o Plan de supramunicipalidade pero é que este pedimento, para que o saiba, para que se informe e poderíao preguntar ó Sr. Alcalde, non o estou inventando eu. Eu xullo do ano 2007 foron os Sres. Méndez Romeu e Caballero quen, para acelerar os prazos de execución do proxecto, afirmaron que a administración autonómica declararíaa supramunicipalidade da obra xa que así non sería necesario esperar a que se aprobe o PXOM e en “La Voz de Galicia” o título dicía que “A Cidade da Xustiza estará rematada no ano 2010”. Nese ano non vai estar nin comezada, nin posta sequera a primeira pedra. Van perder a oportunidade de inaugurar unha obra. Por certo, durante o goberno PSOE-BNG na Xunta de Galicia na cidade de Vigo non se vai inaugurar absolutamente nada, nin unha soa cosa.

O certo é que xa no 2001, cando se comezou a redacción do Plan Xeral, os técnicos encargados do avance do proxecto dicían que si se podían poñer con celeridade eses terreos a disposición da administración para iniciar a construción da Cidade da Xustiza. Hoxe en día se apraza sen data ese edificio xudicial por falla de terreo e iso malia as grandes presentacións e malia que, segundo palabras do alcalde, ó igual que no cuarto hospital “...o proxecto desenvolverase como proxecto de interese supramunicipal para que non dependa da aprobación do Plan Xeral”. Semella que dun mes ó outro cambiaron as cousas.

O propio conselleiro de Xustiza, Sr. Méndez Romeu, anunciou en xullo de 2007 en Vigo que estaba disposto a tramitar unha declaración de supramunicipalidade para se facer cos terreos sen ter que esperar ó novo plan de urbanismo. Por certo, xa lle dixen no Pleno anterior e repítoo agora que o novo plan de urbanismo non se aprobou precisamente por vostedes porque dos colectivos que había na cidade quen se opoñía era o Partido Socialista, ou sexa que se o Plan Xeral non se aprobou antes non foi por culpa do Partido Popular, senón do Partido Socialista. Se non o lembra vostede lémbrollo eu.

Insisto en que o alcalde indicou que existía a posibilidade de non ter que esperar á aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal para acometer as obras e detallou que se está estudando a posibilidade de realizalas cun expediente de supramunicipalidade.

Tampouco debe ser tan horrible o que presentamos na moción por canto vostedes mesmos se pensaban esta posibilidade. Claro que agora falan dun mes enriba ou embaixo, tamén deixa caer que nós non fixemos nada. Non sei se leu o protocolo, senón tamén lle podo eu entregar logo unha copia, pero é do 2 de xuño de 2005 e as eleccións autonómicas do ano 2005 foron o 19 de xuño. Dificilmente podíamos facer unha declaración deste tipo máis que nada porque entraron vostedes no goberno e encargáronse de boicotear á cidade de Vigo.

No anterior Pleno anunciou que Vigo ía contar co tan solicitado Xulgado do Mercantil e eu dubidábo e sigo dubidándoo. Xa me dirán primeiro onde o van poñer. Pero curiosamente a cidade da Coruña vai telo o 1 de abril e o de Vigo déixase para finais de ano polas contradicións que teñen sobre se é ou non necesario modificar a lei. Xa demostramos aquí que non era necesario, que se podía facer en calquera momento.

O tema é que os xulgados actualmente se atopan saturados, mesmo a Inspección de Traballo citou á Xunta de Galicia diante dunha denuncia de amoreamento dos mesmos, cousa que nos parece dunha gravidade impresionante. Os terreos están aí, sinxelamente terían que axilizar os prazos e por iso non nos vale a emenda que “in voce” presenta o Bloque Nacionalista Galego porque entendemos que o que non fixeron ata agora non o van facer.

Si que se podería axilizar o proxecto a través da declaración de supramunicipalidade porque se acurtarían os prazos aínda que vostede diga que só é un mes. Nós non cremos esa explicación.

SR. MARIÑO MENDOZA: Para que quede claro: para nós é unha absoluta prioridade a Cidade da Xustiza pero o que está claro é que vostedes tiveron a ocasión durante moitos anos de facer algo e non fixeron ren. Dicía vostede que o conselleiro advertía antes da aprobación definitiva do Plan Xeral que a incidencia supramunicipal era para non esperar. Precisamente estes expedientes se utilizan cando non existe o planeamento aprobado e por iso ese era o momento. Vostedes tiveron tres anos de goberno para iniciar ese expediente e non o iniciaron, en ningún momento fixeron absolutamente nada. Esa é a súa preocupación polo proxecto da Cidade da Xustiza nesta cidade.

Fálanos dos plans de incidencia supramunicipal pero aínda non nos explicou en que medida se acurtan os prazos. Cando remate este Pleno voulle pasar ese informe dos técnicos de Planeamento e verá que non é algo que está dicindo un concelleiro, senón que é un informe técnico e supoño que ninguén dubidará aquí dos informes

técnicos, aínda que vostedes o fixeron nalgúns ocasións que non as vou contar aquí, pero nalgúns ocasións non fixeron caso do que dicían os informes técnicos; nós si. Xa lle digo que son informes técnicos os que din que a diferenza de prazo é dun mes, non son eu.

Os plans de incidencia supramunicipal non se executan nas cidades por unha cuestión de prazo. É a primeira vez que escoito que para axilizar os prazos se considere a incidencia supramunicipal. Eu dende logo non o contemplo así, hai outras variables que son as que teñen que cumprir.

Pero si que vostedes en tres anos de gobernos poderían ter iniciado ese expediente. Dime que o convenio é de xuño de 2005; fartáronse vostedes de asinar protocolos seguidos, un tras outro, pero non fixeron nada máis, non deron nin un paso máis, só unha firma dun protocolo, unha cousa moi interesante pero que non chegou ós cidadáns porque se firman os protocolos de intencións e vontade en facer cousas pero non dan nin un só paso. O que di no primeiro punto dese protocolo e xa llo dixen no Pleno do mes pasado, é que o Concello poría ó dispor da Xunta de Galicia os terreos para executar a Cidade da Xustiza. Non fixeron nada, absolutamente nada do punto 1 do protocolo que por suposto que o teño, mesmo nin encargaron os parcelarios.

Antes vostedes dicían que non nos preocupábase polos veciños nin pola xente desta cidade. Vostede agora fala de terreos e eu non sei se coñece a zona e cantos veciños viven alí. Os terreos están alí e non fomos nós os que construímos edificios públicos sobre terreos privados, iso fixérono vostedes no seu goberno. Os terreos teñen que pasar a mans públicas para poder executar as obras. Esa maneira de actuar, de construír sobre terreos que aínda non son públicos, usárona vostedes no seu goberno pero nós non.

O que está claro é que se está traballando na solución do problema do espazo que existe nestes momentos nos xulgados, pero non imos cometer ilegalidades nas obras públicas, temos outro xeito de operar e os prazos e os ritmos serán os que esixa a lei, non facemos o que vostedes facían durante o seu goberno.

Repito que é unha prioridade absoluta deste goberno contar o máis axiña posible con esa Cidade da Xustiza, pero neses terreos viven familias que teñen as súas casas e as súas vivendas. Eu non sei de que xeito vostedes acabarían construíndo algo alí como fixeron nos anos en que gobernaron. Nós cumprimos a lei.

SR. CONDE GIL: Unha vez máis o Sr. Mariño tenta tirar a pedra e agochar a man, para

iso alude a unha serie de cousas que nin son verdade, nin acreditou, nin nada de nada.

Unha vez máis estamos diante dun goberno municipal e dun goberno da Xunta da fe, que é crer o que non se ve segundo a definición clásica e tamén o goberno das falsidades e do engano como se demostra novamente. É máis, un dirixente do PSOE galego recoñecía en outubro do ano 2008 que na presente lexislatura os vigueses "...non poderán ver case ningún proxecto rematado dos que para esta cidade pariu a actual Xunta; non case ningún, non imos poder ver absolutamente ningún. Supoño que volverán falar agora do metro e dunha serie de cousas que volverán ser novamente proxectos, promesas electorais que de novo caerán no esquecemento". Esa é a sensación que os cargos do PSOE vigués teñen en privado respecto do labor do goberno coa cidade, hai boas intencións, mellores proxectos pero pouco máis que unhas imaxes mentais do novo hospital, do auditorio, da Cidade do Mar, da Cidade da Xustiza, da ampliación de Rande, por non falar do AVE, da autovía ó Porriño, a de Pontevedra, o metro ou a depuradora.

Están enganando á cidadanía. Estanos enganando ós vigueses e ás viguesas e iso non se pode consentir.

Insisto no que dicía antes sobre a Cidade da Xustiza: no mes de abril do 2008 o Sr. Alcalde dixo que se desbloqueaba unha das grandes demandas da cidade e iso é unha mentira porque non o está. Tamén dicía que antes de rematar o ano os terreos estarían ó dispor da Consellería para iniciar a obra. Agora din outra cousa, están falando de que polo menos ata o ano 2010 non se van poder iniciar unhas obras que terían que estar rematadas no ano 2007.

Tamén insisto en que cando se presentou e estivo exposto durante bastante tempo nas dependencias da Xunta de Galicia o proxecto gañador de Irisarri-Piñera para executar a Cidade da Xustiza dos vigueses, o alcalde e o Sr. Méndez Romeu no ano 2007 falaban da posibilidade desta declaración de supramunicipalidade. De se facer cando debería estarían iniciadas as obras e probablemente non nos atoparíamos cos problemas que nos imos atopar. Xa me dirán, Sr. Mariño e Sr. Alcalde, onde van meter as novas dotacións xudiciais que precisa a cidade. Maxino que será como a biblioteca do Estado que porá unha furgoneta, un autobús e alí os instalarán no aparcadoiro da rúa Lalín diante dos actuais xulgados porque senón non sei como vai ser a idea.

O caso é que novamente nos atopamos cun goberno municipal inoperante, cun goberno da Xunta de Galicia ineficaz, que non fixeron nada por esta cidade, que nin fan nin se espera que fagan e, o que dixen ó principio desta intervención, son o

gobierno da fe, de crer no que non se ve. Agora co do autobús de Barcelona e Madrid, con esa guerra que non sei se viron na televisión, non sei se a fe abonda. Dende logo para o noso Grupo e para min a fe non abonda, eu tería que meter a man na ferida para o comprobar e o único xeito é ver iniciadas as obras.

Dende logo que cando gobernemos nós na Xunta de Galicia as obras se axilizarán.

A PRESIDENCIA: Entendo, Sr. Conde Gil, que non acepta a emenda transaccional que se fixo. Vótase coa formulación orixinal.

VOTACIÓN E ACORDO: Con vintedous votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Font, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse, Porro Martínez, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e cinco abstencións dos Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Conde Gil, solicitando se inste á Xunta de Galicia a declarar a supramunicipalidade da Cidade da Xustiza, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

7.- (7).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO A SOLICITAR A XUNTA DE GALICIA OS DATOS REAIS DA DEPENDENCIA EN VIGO E QUE POLO DEPARTAMENTO DE VICEPRESIDENCIA SE PROCEDA Ó PAGO ÓS DEPENDENTES.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de xaneiro, a concelleira do Grupo Popular, Sra. García Míguez, formula a seguinte moción:

"En Galicia as persoas que sofren algún tipo de discapacidade representan o 11,29% da poboación sendo, segundo o INE, o índice máis elevado de España, e é a terceira comunidade autónoma coa poboación máis avellentada.

O Ministerio de Educación, Política Social e Deporte encargado de desenvolver a lei de Dependencia, presentou as primeiras cifras de 2009 relativas á norma. Galicia é a quinta pola cola no que a valoracións se refire, e os datos que presenta o INSERSO

difiren dos de Vicepresidencia no número de valoracións realizadas e no número de persoas cobrando a prestación.

Móstranse asemade numerosas reclamacións ó Valedor acerca dos problemas na tramitación, nas probas para comprobar que unha persoa ten dereito ás prestacións ou á cantidade que debería percibir, incluso solicitantes que faleceron mentres esperan a resposta da Xunta.

Móstrase a ineficacia na xestión e a falta de transparencia nos datos facilitados polo goberno da Xunta de Galicia con respecto a Dependencia, unha prioridade para a nosa poboación.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular insta ao Goberno Local para:

- 1.- Solicitar os datos reais da Dependencia en Vigo á Vicepresidencia da Xunta de Galicia.
- 2.- Que á maior brevidade posible se proceda polo departamento de Vicepresidencia ó pago aos dependentes."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 19 de xaneiro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. GARCÍA MÍGUEZ: En Galicia as persoas que sofren algún tipo de minusvalía representan o 11,29% da poboación sendo o índice máis elevado de España. É a terceira comunidade autónoma en poboación máis avellentada.

O Ministerio de Educación, Política Social e Deporte encargado de desenvolver a Lei de Dependencia presentou as primeiras cifras de 2009 relativas á norma. Galicia é a quinta pola cola no que a valoracións se refire e os datos que presenta o IMSERSO difiren dos de Vicepresidencia no número de valoracións realizadas e no número de persoas cobrando a prestación.

Amósanse ademais numerosas reclamación diante do Valedor acerca das problemáticas na tramitación, nas probas para comprobar que unha persoa ten dereito ás prestacións ou a cantidade que deberían percibir, mesmo solicitantes que faleceron mentres esperaban a resposta da Xunta de Galicia.

Amósase a ineficacia na xestión, a falla de transparencia nos datos facilitados polo goberno con respecto á dependencia, unha prioridade para a nosa poboación.

Por todo isto solicitamos os datos reais da dependencia en Vigo á Vicepresidencia da Xunta de Galicia e que o máis axiña posible se proceda polo departamento de Vicepresidencia ó pagamento ós dependentes.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Efectivamente a Vicepresidencia da Xunta de Galicia converteu a atención ós dependentes nun dos piares básicos do goberno a nivel galego e dende que se tomou posesión do goberno creouse o Sistema Galego de Benestar porque antes non existía e ademais tamén se fixo unha nova Lei de servizos sociais.

Houbo un aumento espectacular nestes catro anos tanto dos recursos económicos que se mandaban ós Concellos como os que adicou a Xunta de Galicia a todo o sistema de benestar, de feito creáronse servizos que non existían como os centros de Alzheimer que en Vigo temos dous, “o xantar na casa” que tampouco existía ou servizos como o do transporte adaptado.

Incrementouse o financiamento da Lei de dependencia polas negociacións que concretamente fixeron os deputados do BNG e gracias a iso temos cen millóns máis.

No 2005 beneficiábanse dalgún tipo de prestación de servizos sociais 28.000 galegos e galegas. A finais de 2008 son 60.000. De 28.000 en tres anos pasamos nada menos que a 60.000 persoas que nestes momentos están sendo atendidas polo Sistema Galego de Benestar da Vicepresidencia da Xunta de Galicia. Vostedes querían cifras e téñoas aquí.

Ata 31 de decembro de 2008 as solicitudes de valoración a nivel galego foron 56.962; persoas valoradas a 31 de decembro 53.273, é dicir, o 93,5% das persoas que solicitaron valoración están valoradas. O recoñecemento dos dereitos de prestacións téñeno 34.900 persoas.

No 2015 imos ter 100.000 persoas que se beneficiarán do sistema de dependencia. Hai que recoñecer que houbo atrasos pero tamén que iso foi un mal cálculo do goberno central porque calquera lei destas características que se poña en marcha, chámese lei de educación, de seguridade social ou de sanidade, require un tempo moito maior do que se lle deu dende o goberno central á Lei de dependencia, porque calquera tipo de lei cando se pon en marcha require recursos, servizos e programas que non existían, señores do Partido Popular. A Lei establece un prazo de recoñecemento do dereito que se considera que é claramente insuficiente, non dá ese prazo para recoñecer todos os dereitos.

Sorpréndenos que o PP pida agora tanta axilidade porque sabemos que sempre houbo dependentes, estas 59.000 persoas non apareceron da nada dende o ano 2006 que se pon en marcha a Lei ata o 2008. Estas 50.000 persoas xa estaban aí pero non tiñan nin dereitos, nin servizos, nin prestacións como prevé agora o goberno; non tiñan nada, a xente maior atendíase polas súas mulleres, as súas fillas

e as persoas novas con algún tipo de minusvalidez eran atendidas polas súas nais. Esta era a crua realidade, como o é que a Xunta de Galicia non creou ningún tipo de servizo, non había ningún centro público de día, non se crearon residencias suficientes, nin se dotaron suficientemente servizos como por exemplo o de axuda a domicilio, etc.

Se queren cifras temos as de Vigo. O mapa galego de servizos sociais mirou o que había, mira o que hai e prevé o futuro. Ímoslles dar só tres ou catro cifras para que non se aburran vostedes nin a xente que nos poida escoitar.

Na provincia de Pontevedra: No ano 2005 había en total 3.971 prazas de partida de residencias públicas e privadas. En Vigo: prazas de residencias 1.319. Ratio de partida 2,39. Obxectivo: 5% que é o que pide a CEE e tiñamos un 2%. Na provincia de Pontevedra van ser necesarias 8.316 prazas. En Vigo tiñamos 1.000 prazas e son necesarias 2.360. Temos que crear en toda a provincia nada máis e nada menos que 4.345.

En canto a centros de día só me referirei a Vigo pero falaremos só de privados porque non había ningún público, só tiñamos o da Cruz Vermella que está concertado co Concello. Urbana Vigo: 187 prazas. A ratio que tiñamos era de 0,40 e o que temos que acadar é do 2% e 944 prazas. Temos menos de 757 prazas.

De verdade vostedes cren que isto se fai en dous anos? Sra. Iglesias, isto fíxose por unha empresa e con datos reais como hai que facer este tipo de estudos.

Por outra banda é lamentable que o Partido Popular, que tivo deixada da man de Deus á xente dependente e que non fixo ren durante décadas, utilice cousas como que durante este tempo faleceron moitas persoas que estaban pendentes de ter un apoio. Durante todo o tempo que por desgracia estiveron vostedes no goberno da Xunta falecerían moitos dependentes que non tiveron ningún tipo de apoio. Semella que as 50.000 persoas que presentaron agora a solicitude non existían cando vostedes gobernaban na Xunta de Galicia.

Estas son cifras reais, Sra. Iglesias e Sra. García Míguez, pero o Sistema Galego de Benestar está apostando decote para que cada día haxa menos necesidade de prazas e falando das prazas públicas que se crearán, ó remate do mandato desta Corporación haberá en Vigo, á parte das que había e só a nivel público, duascenas cincuenta prazas máis das que vostedes tiñan en centros de día nesta cidade.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Comenta que en Vicepresidencia un dos piares básicos é a dependencia. Se todos os cartos da campaña de márketing sobre este tema de D.

Anxo Quintana se dedicasen a isto non estaríamos na situación de colapso na que se atopa a dependencia en Galicia.

Si se crea o Sistema Galego de Benestar que antes non existía, pero a realidade é moi distinta. O papel todo o aguanta con todas esas promesas que están incumprindo xa que di que hai necesidades de residencias e centros de día, pero é que non fixeron nada. O vicepresidente da Xunta leva catro anos falando das necesidades das persoas maiores e dos minusválidos que precisaban unha atención e o único que reflectiu foron datos do ano 2005, estamos no ano 2009 e cónteme por favor as novidades que temos para atender ás persoas máis que o Sistema Galego de Benestar e a nova Lei de servizos sociais. Como as residencias que fagan sexan como o albergue municipal poñendo colchóns polo chan, non sei onde imos chegar. Como cando esa señora estaba comentando que ten que lavar ó seu home nunha caldeira e vostede non a estaba atendendo. Así vai a Lei de dependencia en Galicia.

Pasa o mesmo coa creación de dous centros de alzheimer na cidade de Vigo. É un e coido que non está ó 100% da súa capacidade; ademais se está xestionando dun xeito ilegal porque aínda non se adxudicou a xestión desta asociación e estase traballando alí con moitas dificultades.

Preséntanos cifras de Vicepresidencia do 31 de decembro. Non sei se lle pasan mal os datos ou ten falla de información porque os últimos datos de dependencia que aparecen publicados na páxina web da Xunta a día de hoxe son do 9 de xaneiro de 2009. Vostede fáleme do 31 de decembro. Coido que é importante ter as cifras actualizadas para que os cidadáns saiban cal é situación actual. Dende logo que as cifras entre o Ministerio de Educación e Política Social e as que presenta Vicepresidencia son totalmente diferentes e logo falarei diso.

Dende o ano 2005 as persoas con dependencia, sen recursos, non tiñan dereitos, servizos nin prestacións. Pero se todo o que había era ata o ano 2005, non presentaron absolutamente nada novo. En Vigo non hai ningunha residencia nin centro de día novo. O mapa galego que nos acaba de mostrar fala de futuro, vostedes levan dous anos aquí, catro anos gobernando na Xunta e seguimos exactamente igual.

Voulle dar os datos actualizados xa que vostede non os ten. Solicitudes dende o Ministerio: 50.477. Vicepresidencia fálanos de 56.000, hai unha diferenza de aproximadamente 6.000 persoas. Que teñen ditame no Ministerio falan de 42.419 persoas e vostedes falan de 52.800, ou sexa 10.400 persoas máis teñen xa resolto o ditame. Pero ademais diso as persoas que son grandes dependentes e que na súa

maior parte optan a ter un coidador informal na súa casa, que son as persoas que máis o necesitan como esa señora que ten que lavar ó seu home nunha caldeira no chan, dende o IMSERSO din que hai 12.468 persoas que teñen dereito a iso, dende Vicepresidencia din que só 12.000, pero o Ministerio ten a cifra de que 2.500 persoas cobran por tal concepto e Vicepresidencia di que hai 4.000 persoas cobrando por tal concepto. Vicepresidencia informa que hai máis persoas das que realmente hai que están cobrando e o Sr. Quintana di que estas diferencias débense ás singularidades que hai nas ferramentas informáticas, un problema informático ou falla de capacidade para poder dar ben os datos.

Estamos falando de persoas e por iso creo que debemos seren moi rigorosos e estaren moi atentos porque como demostrou a señora que viu hoxe este a Pleno son persoas que o necesitan. Non debemos falar de plans nin de futuro porque o futuro é o día a día e se levan catro anos na Xunta e dous no Concello de Vigo sen ter en conta a estas persoas e dando datos falsos, coido que é algo que nos debe rechamar e se cre que realmente para Vicepresidencia son unha prioridade os minusválidos, as persoas que se atopan en situación de risco social e as solucións que aportan son aprobar leis e poñer colchóns no chan, mal imos con esta política.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: A miña capacidade de asombro co Partido Popular non ten límite. Pensei que a miña idade xa chegara ver o suficiente pero o meu asombro coa desvergoña que amosan dende o Partido Popular nestes momentos, non ten absolutamente límite.

Estamos falando de persoas e por iso me parece inmoral que utilice o que acaba de dicir unha persoa dende o público e o que hai que ter é respecto por esas persoas, respecto que a Vicepresidencia e dende logo a miña Concellería e o meu Grupo político sempre tiveron, respecto que non están tendo vostedes porque como estou dicindo están utilizando ós mortos para falar disto. Canta xente morrería durante o seu mandato? De verdade que iso é moralidade?

Señores do Partido Popular, primeiro aclaremos unha cousa. Precisamente esta moción colleuse en positivo, pero non me gusta o que fixeron vostedes desta moción e eu quéroilles clarexar que lles imos votar a favor porque nós tamén queremos que todo vaia mellor. Malia iso seguen facendo como fixeron noutras mocións, como fixeron a vez pasada, enrócanse e enfádanse malia que estamos dicindo que colaboremos todos xuntos.

Señores do Partido Popular non é así, sexan claros. Nesta cidade non había

absolutamente nada, había un centro de día que se pagaba dende este Concello e estaba localizado na Cruz Vermella, era para vinte e cinco persoas e estaba pagado dende o Concello. Agora temos aberto o centro de día Atalaya con corenta persoas. Vicepresidencia ten dous centros de Alzheimer, un en marcha na residencia de Bembrive para vinte persoas e outro que está en marcha e está previsto na Casa do Mar cunha capacidade para corenta persoas e hai nestes momentos dentro vinte e dúas persoas. Eses foron os datos que me deron a min hai dúas semanas, ó mellor agora son máis. Tamén fixeron vostedes o centro de día da Casa do Mar? Tamén fixeron vostedes o centro de Alzheimer da residencia de Bembrive xestionada por Mapfre onde ademais había espazo, non había tanta complicación? Agora as persoas que teñen enfermos de Alzheimer poden levalos alí.

Está rematado o centro de día da rúa O Grove, só falla a dotación que se fará o vindeiro ano e ten capacidade para setenta persoas. Está en marcha e na fase de licitación o centro de día que se vai facer no parque tecnolóxico cunha capacidade para noventa persoas. Iso é a realidade. Plan Concertado da Xunta de Galicia, ano 2004: 390.000 euros; ano 2008: 1.300.000 euros. Teñen aí os orzamentos e esa é a realidade, esa é a aposta. Quen minte?

Nestes momentos a nivel galego hai 14.500 persoas que teñen dereito á prestación por coidador familiar. Son 14.500 e non 12.000, son máis, Sra. García Míguez. Hai 4.000 percibindo a prestación. As cifras non coinciden porque se as cifras pasan dunha administración a outra probablemente vaian máis atrasadas. O Ministerio informa das cifras de hai dous meses e aquí estanse dando as cifras actuais.

Estas son as realidades polas que se está a apostar. O que nos deixaron vostedes foi moito por facer e agora o único que teñen vostedes é demagogia. Ademais todas esas persoas que nestes momentos non están recibindo prestación, van recibir os atrasos económicos dende o momento no que se lles recoñeceu o dereito. Vostede cre que nun ano se poden recoñecer todas as prestacións de cincuenta mil persoas? Crear todos os servizos que se precisan como centros de día, centros de Alzheimer, xantar na casa, transporte adaptado? Quere cifras? Claro que as temos.

Programa de axuda no fogar a nivel galego: incrementouse un 250%. Orzamento: de 6,4 millóns pasouse a 22,7 no ano 2008. A Rede Galega de Centros de Día estará integrada a finais do 2009 por un total de 1.889 prazas e non existía ningún centro no 2005. Plan Concertado a nivel galego de 2005: 19.000.000 euros. Plan Concertado 2008: 60.000.000. Esa é a realidade, comprobemos os orzamentos da Xunta de Galicia, os de Vicepresidencia, miren vostedes as Memorias.

4.200 prazas para persoas con minusvalidez, envellecemento activo, acollemento familiar..., que máis queren? 165 servizos de transporte adaptado posto en marcha nos concellos de menos de 50.000 habitantes. Aquí entra en funcionamento este ano, Sra. Iglesias, porque se puxo en marcha primeiro nos concellos pequenos que tiñan peor transporte. Aquí por sorte temos asociacións e gracias a elas si había algo, había transporte.

Esa é a realidade da dependencia galega nestes momentos. Non sei como agora se atreven vostedes a presentar unha moción que ademais dicimos que imos votar a favor porque queremos que se axilice todo, pero o que non pode ser é unha crítica por esta lei. É certo que non se pode pedir que a Lei de dependencia se poña en marcha en dous anos. As expectativas do goberno español non se acompañaron de orzamentos, é verdade, nin se acompañou de axilización da Lei, era demasiado precipitado; non se pensou como se tiña que pensar, pasou coa Lei de sanidade de 1986 que eu si coñezo, que ata o ano 2006 non se acadaron os obxectivos. Esas son as realidades.

A realidade é que a cidade de Vigo cando remate este mandato vai ter o que necesita e imos crear 240 prazas en centros de día en todo o mandato. Esa é a realidade.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Creo que había un compromiso dende o Ministerio co Sr. Quintana para a Lei de dependencia de 80 millóns de euros. Non sabemos moi ben se chegaron ou non, pero dende logo que para a dependencia non foi.

Di que non se necesita na cidade de Vigo o transporte adaptado, que era para concellos pequenos? Dígallo ós usuarios dese centro de día de Alzheimer do que vostede tanto presume que están financiando eles o transporte para acudir ó centro de día co que lles supón a esas vinte persoas.

Se dende 2005 non hai novidades, ningunha mellora con respecto á situación de dependencia, antes as persoas non estaban en situación de desamparo e as traballadoras sociais publicaban nun xornal do 3 de xaneiro de 2009 que coa Lei de dependencia pode ser peor que coas leis anteriores porque se aprobou unha lei sen orzamento e hai 80 millóns de euros do Ministerio que non sabemos se chegaron pero está claro que non.

Que as estatísticas de seu non coincidan coas do Ministerio non me parece coherente e ademais ata hai pouco nin sequera estaban publicadas, había un absoluto escurantismo dende Vicepresidencia con respecto a isto. Esa é a realidade porque unha amiga miña chamou persoalmente para conseguir os datos no mes de outubro

e non llos deron. Ademais as Comunidades Autónomas segundo a normativa poden regulamentar o acordo nacional e son libres para mellorar as condicións.

Hai comunidades autónomas nas que o cuidador informal cobra 1.300 euros; en Galicia non supera os 400 euros. Noutras comunidades autónomas os enfermos poden ter unha persoa que os coide e axude nas tarefas domésticas durante dezaseis horas e en Galicia catro horas. Falamos de catro horas e catrocentos euros. Esa é unha boa xestión da Lei de dependencia.

Queixas por perderen todos os dereitos coa morte do dependente, tras meses de trámites e esperas e, vostede di que logo o cobran? Unha vez falecido o enfermo...

Incumprimento da administración: nalgún expediente decidiuse recorrer á vía xudicial. Estou falando do informe do Valedor: "Trinta familias acoden ó Valedor polos atrasos de Dependencia". "Galicia, a quinta pola cola en número de valoracións realizadas". "Menos do 20% dos solicitantes do pagamento do cuidador o reciben". Todo isto de data de xaneiro. "Unha muller enferma coida soa ó seu home encamado. No 2007 pasaron todos os filtros de Vicepresidencia pero os cartos non chegan". Están nos autobuses da independencia. "Denuncian a Vicepresidencia perante o Fiscal por non atenderen a unha paralítica". Todo isto está nos xornais decote.

No Concello de Vigo propoñen un programa que ademais é a nivel da Xunta de Galicia, o programa "Xantar na casa" como se fose a última novidade do século XXI. É unha novidade estupenda para a cidade de Vigo. As solicitudes pódense presentar a mediados de xaneiro e a idea é garantir unha alimentación equilibrada, de calidade e que se adapte ás necesidades das persoas beneficiarias. Se realmente as persoas tivesen esa prestación pola Lei de dependencia non se necesitaría poñer este programa en marcha pola sinxela razón de que o cuidador axudaría nas tarefas domésticas a preparar a comida e ademais atender ó enfermo que é o que realmente se necesita.

Pero voulo demostrar cun estudo encargado por Vicepresidencia que non sei se vostede coñece pero que se presentou o pasado mes de novembro no VI Salón Galego das Persoas Maiores. Nun dos relatorios presentouse unha exploración sobre necesidades e demandas actuais das persoas maiores elaborada polo Obradoiro de Socioloxía, S.L., para a Secretaría Xeral do Benestar da Vicepresidencia, é dicir, encargado por D. Anxo Quintana. Este estudo demostra que sinxelamente tres de cada dez persoas demandarían potencialmente os servizos de comedor e xantar sobre rodas. Pero curiosamente na nosa cidade só hai unha persoa que o use dende o mes de novembro que se puxo en marcha. Nun principio había que esperar a que

houberse cincuenta persoas para o levar a cabo, como viron que realmente non é un servizo necesario na nosa cidade, dous meses e medio logo hai unha persoa actualmente gozando deste servizo; unha persoa na cidade de Vigo. O que demostra este estudo é que os clientes potenciais deste programa son persoas de entre 75 e 79 anos e canto máis rural é o medio. A poboación de Vigo máis numerosa non é dos 75 ós 79 anos, hai un índice de poboación maior entre os 71 e 74 anos co que, ó haberen un menor índice de poboación, por iso quizais o servizo se demanda con menor medida, ademais estamos nunha cidade que aínda que ten unha parte de rural esta é minoritaria.

Non obstante no proxecto estrela de marketing que é este estudo encargado por Vicepresidencia, porque en Vigo demostraron que nin funciona, nin serve para nada, está demostrado que a demanda da axuda domiciliaria si que é prioritaria, que as persoas o que demandan é acompañamento a domicilio. 3 de cada 10 persoas demandarían acompañamento a domicilio, 3,5 din que precisan atención persoal e 4 de cada 10 demandan axudas nas tarefas domésticas. De se cubrir todas as necesidades pola Lei de dependencia non faría falla facer publicidade, gastarse os cartos en márketing, en novas campañas, novas promesas e en crear novos servizos que non están dando servizo a ninguén máis que ás campañas de publicidade, como ben dixeran.

Exactamente fai o mesmo o Sr. Touriño quen o luns 19 de xaneiro inicia a súa pre campaña falando de promesas coa Lei de dependencia, di que unha das súas prioridades é darlle un empurrón á Lei de dependencia. Se non se gastara 480.000 euros no seu coche, 1.200 familias de Galicia poderían gozar actualmente dun coidador informal na súa casa. É vergoñento que arranque a campaña falando de dependencia unha persoa que en época de crise amosa unha dilapidación tan absoluta. Pero así está a Lei de dependencia en Galicia.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintese sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. García Míguez, instando ó goberno municipal a solicitar á Xunta de Galicia os datos reais da dependencia en Vigo e que polo departamento de Vicepresidencia se proceda ó pago ós dependentes, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

8.- (8).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO Á ALCALDÍA A CONVOCAR Ó CONSELLO SOCIAL DA CIDADE E DESEÑAR UN PLAN DE CHOQUE CONTRA O DESEMPREGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de xaneiro, o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, formula a seguinte moción:

"A crise económica que negaba o goberno está afectando duramente á economía da cidade e así o reflicte o novo ascenso do desemprego no mes de decembro.

En Vigo o alcalde manifesta repetidamente que o "Pleno Emprego" vai ser un obxectivo irrenunciable neste mandato, pero o certo é que o paro aumenta cada día e que desde que goberna o bipartito, hai 5.399 parados máis na cidade.

Salvo excepcións, todos os sectores están sufrindo as consecuencias da crise, xa que a perda de empregos no sector industrial inflúe directamente na demanda de bens e servizos e a consecuente redución da actividade no comercio e na hostalería.

Mención á parte merece a incerteza reinante no sector da automoción e na empresa Citroën, a súa locomotora, que o ano pasado xa produciu 107.000 vehículos menos e perdeu 1.400 traballadores, pero que acaba de anunciar a fabricación este ano de 142.000 vehículos menos que en 2008, a eliminación da quenda de noite e que lle sobran 2.000 traballadores.

No Partido Popular pensamos que o goberno da cidade non pode deixar tirados ós 23.190 viguesas e vigueses que se están vendo afectados pola lacra do desemprego. Por iso este Grupo Municipal, propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que adopte o seguinte acordo:

Instar ó Alcalde de Vigo a convocar ó Consello Social da Cidade e deseñar por consenso un plan de choque contra o desemprego e os efectos da crise que está sufrindo gran parte da cidadanía".

A comisión informativa de Emprego e Participación Cidadá, en sesión do 19 de xaneiro, quedou enterada do contido da anterior moción.

O concelleiro do Grupo Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

DEBATE.- SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: É certo, ninguén nega que estamos nun proceso de crise pero esta se combate cun compromiso, con acción, como se está a facer tanto dende o goberno do Estado, como da Xunta de Galicia, como dende o propio goberno

municipal, tomando medidas que inflúan no crecemento económico, tamén na xeración de emprego e na protección social dos desempregados.

É certo que no noso País a esta crise internacional temos engadido un problema que é o do sector da construción que está sobredimensionado. Moito antes de que se vira esta actual crise xa se falaba da famosa “burbulla” neste sector. O certo é que coinciden as dúas crises e hoxe temos, por exemplo, que o sector da construción debe no seu conxunto tanto como o resto dos sectores.

Para o Partido Socialista, para o alcalde segue sendo un reto o pleno emprego, é un compromiso que se facía nun momento no que non se albiscaba esta situación pero que cobra aínda maior relevancia con esta crise financeira internacional de proporcións descoñecidas ata estas datas. Ese obxectivo cobra máis forza e por iso se tomaron medidas para frear esta crise que todos sabemos que é produto das políticas neoliberais das que vostedes, señores do Partido Popular, son defensores. É esta tamén unha crise produto da avaricia e da falla de solidariedade dalgúns sectores financeiros.

Insistir en que para nós e tamén para o noso alcalde segue sendo irrenunciabile ese pleno emprego e non creo que vostedes poidan dicir que o culpable da crise e do desemprego na nosa cidade sexa o alcalde; sería o que nos faltaba.

Dende o goberno municipal non deixamos tirados ós parados, todo o contrario e así co alcalde á cabeza na propia campaña electoral anunciamos que na nosa cidade hai que falar de economía e poñer en valor todo aquilo que facemos e que ademais o facemos ben. Dende o primeiro momento que se albiscou esta crise o primeiro paso foi a elaboración dos orzamentos municipais que non só conxelan as taxas, senón que ademais abren a oportunidade para os que estean en situación máis difícil que teñan beneficios engadidos a través das ordenanzas municipais.

Nesta mesma liña o alcalde, indo moito máis aló das súas propias competencias, mantivo e mantén reunións continuas tanto coa Confederación de Empresarios de Pontevedra, como coas tres organizacións sindicais maioritarias Unión Xeral de Traballadores, CCOO e Convergencia Intersindical Galega. Pero hai máis, estamos en todas as mesas de todos os sectores.

Para que os cidadáns teñan claro o que se está a facer dende esta Alcaldía e dende este goberno municipal teño que dicir que estamos por primeira vez na Mesa do Ministerio de Industria con Citröen que, como vostedes saben, é a segunda fábrica de Europa, a primeira de España e a nós, como non pode ser doutro xeito, preocúpanos igual que todas as industrias de compoñentes que traballan para ela e outras

empresas e factorías do automóbil.

Pero tamén estamos co naval porque é certo que é un sector que vai ben pero que pode ter algún problema de financiamento; tamén co téxtil e co sector do granito e ademais aquí lle quero dicir que en todas as nosas obras se está a utilizar o noso granito marcado coa CEE o que quere dicir que cumpre con todas as normas de extracción, laborais, de saúde e seguridade, tamén no tratamento dos seus residuos así como na recuperación das propias canteiras unha vez extraída a pedra. Iso quere dicir que aínda que nos queiran colocar un produto máis barato aplícase a responsabilidade social se nese produto non se cumpren esas premisas.

Como plan de choque temos os propios 52,2 millóns de euros do “plan Zapatero” do goberno de España que son preto de 9.000 millóns das antigas pesetas.

Polo tanto estamos a ver como ese investimento como nunca se vira na historia de España de 33.000 millóns de euros tamén beneficia ó emprego e á obra pública na nosa cidade. Vemos que o Partido Socialista aquí cumpre e fai fronte a esta crise. Vigo con este goberno municipal foi ademais a primeira cidade que presentou todos os proxectos sendo recoñecido coa presenza da ministra das Administracións Públicas este importante investimento financeiro que vai xerar moitos empregos directos e un número importante de indirectos. Reitero polo tanto o recoñecemento da ministra da Administracións Públicas en visita a Vigo do bo traballo feito por este goberno municipal.

As obras que se van facer con estes 52,2 millóns de euros van contar tamén con todas as garantías para todos os traballadores e traballadoras que desenvolvan actividades nelas. Primeiro garantías de que se cumpran as normas de saúde e seguridade, de que se cumpra a xornada, que non haxa xornadas de traballo arreo; esas garantías ademais se van recoller nun documento asinado polas tres organizacións sindicais maioritarias na nosa cidade onde van poder contar con técnicos en prevención de riscos laborais para tamén eles axudar a que se garanta ese feito.

Pero lles digo máis porque vostedes falan de plan de choque. O vindeiro 6 de febreiro vaise asinar o Pacto Local polo Emprego entre o Sr. Alcalde, a Confederación de Empresarios e as tres organizacións sindicais da nosa cidade, precisamente para ir tratando todo o referido ó que pode ser a economía e o emprego na nosa cidade. Voulles esbozar algunha das cousas que tamén dende o goberno municipal se está a facer para a promoción económica e do emprego.

No ano 2008 destinou ó Plan Municipal de Emprego 7.485.000 euros. É o dobre do

que vostedes destinaron o último ano do seu goberno. A máis créanse 772 empregos cos distintos convenios de colaboración coa Consellería de Traballo da Xunta de Galicia do goberno de D. Emilio Pérez Touriño que vostedes tamén utilizaron mentres gobernaban; son precisamente para aquelas persoas con máis dificultade para atopar emprego, para que logo da formación e experiencia adquiridas nestes distintos programas poidan desenvolver unha actividade no mercado.

Nós cremos nas nosas empresas, nos nosos empresarios, nas traballadoras e traballadores da nosa cidade, como non imos crer cando vemos que nas distintas Mesas de todos estes sectores que uns o pasan peor que outros pero que dúbida cabe que a dificultade acada a todos, non nos amosan ningún signo de pesimismo. Pola contra, entenden que é cando máis hai que loitar para buscar esas oportunidades. Unha proba a máis é a xuntanza que recentemente realizou o alcalde con 52 emprendedores que crearon as súas empresas no ano 2008 tras pasar polo Servizo de Asesoramento do Concello. Algunhas destas empresas crearon tamén emprego ademais do seu propio, é dicir, que contrataron algún traballador para o desenvolvemento da súa actividade. En plena crise créronse 57 empresas e ademais con moita ilusión, a maioría son emprendedores mozos facendo fronte a esta situación de dificultade con moita ilusión e tamén con moita innovación. Estase a traballar arreo e en profundidade nesta situación económica e tamén para que siga habendo protección social.

Ademais dos programas que todos coñecemos do servizo de orientación laboral, de asesoramento a emprendedores ó que antes fixen referencia, dos que están a traballar en servizos á comunidade e de cooperación, estamos traballando tamén nun plan experimental chamado "Vigo laborando". Nesta época é un risco porque se non se cumpre a porcentaxe de inserción comprometida con esa subvención, sáese prexudicado economicamente. Hai tres anos cun plan deste tipo superábanse as expectativas porque se estaba creando moito emprego. Pero ó alcalde e ó Partido Socialista gústanos este programa e ademais o queremos realizar porque temos que explorar todas e cada unha das posibilidades para acadar que os que están nas listas do INEM atopen traballo. Miren por onde que con todas as dificultades imos acadar os obxectivos e posiblemente mesmo os superemos.

Reitero polo tanto que seguimos crendo nos empresarios da nosa cidade, nos traballadores e nas medidas que tanto o goberno do Sr. Zapatero como o do Sr. Pérez Touriño están a poñer para facer fronte a esta actual situación.

É máis, estamos traballando tamén na formación para a xestión de espazos naturais,

no fomento do cooperativismo e, como non, coa Fundación Biodiversidade dependente do Ministerio de Medio Ambiente cuxa ministra é D^a Elena Espinosa, veciña da nosa cidade; tamén para a creación de emprego porque todos coincidimos que xunto co que promove a Lei de dependencia, a mellora e a recuperación do medio ambiente é unha posibilidade para atopar emprego. Nesta situación de crise económica internacional os socialistas mantemos a prioridade do emprego e por iso se están a poñer medidas sen precedentes.

Gustaríame escoitar do Partido Popular algunha proposta como pode ser a de conxelar o gasto público. Quero dicir aquí que malia a actual crise subiu o salario mínimo interprofesional, as pensións, as dotacións para a Lei de dependencia xa que hai 1.200 millóns comprometidos para o ano 2009, que xunto cos 33.000 millóns de euros destinados a obra pública dos que nos tocan 52,2 millóns, hai 29 millóns de euros que se poñen ó dispor das PIMEs a través do ICO.

SR. FIDALGO IGLESIAS: É increíble que coa que está caendo, Sr. Concelleiro de Emprego, vostede faga este discurso absolutamente alleo á realidade. Pero non me estraña porque coñecendo a súa condición de sindicalista e sabendo que os sindicatos están desaparecidos en combate ou quedaron mudos, é o que hai.

Eu non pretendo vir aquí falar dos máis de tres millóns de parados que hai en España, nin dos 190.000 parados que xa hai en Galicia; a min o que me importan son os 23.190 parados que hai en Vigo, iso é o que nos ten que preocupar aquí. Son persoas de carne e óso, que teñen que ir á compra todos os días, pagar a súa hipoteca, os impostos, mesmo os municipais, eses que subiron vostedes un 4,2%. Ademais en Vigo se está destruindo emprego porque hai 6.000 persoas menos que cotizan á Seguridade Social este ano en relación co ano pasado. De cada dous parados que hai en Galicia un é da provincia de Pontevedra, non sei se vostede se deu de conta. Nun titular do Faro de Vigo do martes da semana pasada dise: "A crise destrúe 7.000 empregos na automoción viguesa".

Sr. Alcalde, creo que vostede debería traballar primeiro en mellorar a calidade de vida dos vigueses que o que necesitan sobre todo é traballo. Vostedes enganaron á xente dicindo que non había crise, seguen ademais co discurso de que se a crise é internacional, froito dunha avaricia, da insolidariedade, de políticas ultraliberais, que se a construción. Sr. Rodríguez Díaz, vostede milita nun sindicato que da construción sabe bastante porque a UXT cobraba os pisos e logo non os entregaba.

Agora parece que xa recoñecen algo o seu problema pero é difícil que alguén que

non aceptou a crise propoña algunha medida cun pouco de sentido, porque xa me dirá que se o da limpeza das gabias, 2.000 millóns de euros para tapar como sexa que non aumenten as cifras de desemprego, polo menos ata o día 2 de marzo, que non se produzan máis expedientes de regulación de emprego, a ver se a limpeza das gabias é emprego de calidade, o modelo triplo hélice ou a aposta pola I+D+I. O que pasa é que a vostedes lles molesta que o Partido Popular lles diga a verdade ós cidadáns porque lles estragamos o seu conto de que vivimos no país de Alicia das mil marabillas.

A nosa posición é responsable e lles ofrecemos unha vez máis o noso apoio, arrimar o ombro como tanto din. Fixémolo coa presentación de vinte e cinco medidas en setembro para paliar os efectos da crise e non nos fixeron caso, nin nos recibiron. Tamén o fixemos coas nosas emendas ós orzamentos. Agora cremos que sería bo que se nos atendese porque temos máis de 66.000 votos, o apoio da maioría da poboación na cidade, e cremos que sería bo que nos escoitasen ou senón ó Consello Social da Cidade onde están representados os sindicatos, os partidos políticos, os colexios profesionais. Pero é que “escoitar” e “por consenso” son verbas que a vostedes lles esixen un importante esforzo.

Coidamos que o prioritario agora na cidade é crear emprego, esta é a única política que funciona en épocas de recesión como a que vivimos. Pero vostedes os socialistas son máquinas de facer parados.

Citröen é a principal empresa da cidade e como todo o sector do automóbil o está pasando moi mal, pero as medidas que propoñen son a medio ou longo prazo, non son medidas a curto e todo o mundo estao dicindo, é un clamor. O que fai falla é aumentar o consumo para que a xente compre coches, facilitar que a xente compre coches e non vir con proxectos fantasmagóricos como o do coche ecolóxico ou eléctrico.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: As organizacións sindicais seguramente contestaranlle elas, non me vou arrogar eu a súa representatividade aquí para lle contestar.

Evidentemente que nunca vou renunciar, Sr. Fidalgo, á miña condición de sindicalista, xa lle dixen ó seu compañeiro que estou orgulloso de militar na UXT, ó igual que hoxe estou orgulloso de pertencer a un Grupo municipal presidido por D. Abel Caballero.

Soltou vostede unha “perla”, dixo que de construción nós sabemos bastante e que cobrábamos pisos e non os entregábamos. Sr. Fidalgo, se todas as empresas de construción deste País fixeran o que fixo a Unión Xeral de Traballadores non habería

nin unha soa crise no sector da construción. A UXT pagou co seu patrimonio unha mala xestión e os pisos entregáronse a todos, é certo que algo máis tarde, pero tamén máis baratos. Foi a única entidade neste País que fixo fronte co seu patrimonio a unha falla de xestión. Que isto lle quede claro. Direille á Unión Xeral de Traballadores de Vigo que o invite á entrega das 144 vivendas da cooperativa que se están a construír en Navia.

A vostedes os 23.199 parados só lles preocupan para facer demagogia, están desexando que a situación vaia a peor para veren se así son quen de chegaren ó goberno. Pero cando vostedes gobernaban e dicían que España ía ben, había máis parados que os que hai hoxe, facían políticas de recortes de dereitos para os traballadores e traballadoras e para os cidadáns en xeral. Quen pon en marcha o cuarto pilar do ben estar que é a Lei de dependencia somos nós e, por certo, a Comunidade de Madrid é a que máis lenta vai na valoración de persoas con dependencia e isto é porque non queren poñer cartos do seu orzamento, débenos destinar a algunha outra cuestión e eu, como lle teño moito respecto a Mortadelo e Filemón non vou facer referencia a eles. Evidentemente que a Lei de dependencia vai crear emprego e teña en conta que Madrid é onde hai menos casos avaliados, 16.000, mentres que Cataluña, Galicia e mesmo a Comunidade Valencíá están entre as que maior número de beneficiarios teñen.

Cando vostede fala de que as persoas van á compra, teñen que pagar a hipoteca e os impostos, eu reitérolle que as taxas municipais están conxeladas e hai medidas do goberno do Estado para aqueles que non poden pagar a hipoteca, afortunadamente que hoxe os tipos de interese están baixando. Iso sábeno vostedes pero tratan de que os cidadáns pensen que non hai esas medidas, pero claro que están postas en marcha.

Fala vostede de que hai menos inscritos na Seguridade Social, de que se ten un titular de prensa no que se fala de perda de 7.000 empregos na automoción viguesa, eu dígolle que claro que é así, non imos negaren o evidente, pero fíxese que gracias a esas medidas as nosas empresas do automóbil teñen futuro e noutros países, onde se sentaba o seu presidente de honra cos pés na mesa, están en crack e falando de nacionalizar esas empresas. Os ultraliberaís falando de nacionalizar empresas e a banca.

Pero eu tamén teño un dato de prensa onde se di que “Vigo afiánzase como a duodécima cidade española con máis empregos”. Fala de que hai 150.000 inscritos na Seguridade Social, é dicir, un de cada dous vigueses e viguesas segundo isto está

dado de alta na Seguridade Social o que quere dicir que está traballando.

Claro que todos os desempregados necesitan traballo. Vostede fala de calidade de emprego pero, e se non houbera estas medidas? Se non se puxeran estes cartos enriba da mesa por parte do goberno do Estado e da Xunta de Galicia? Se non se fixeran uns orzamentos pensando nas persoas, nos que se prima o gasto en educación, investigación, desenvolvemento, innovación, sociedade da información? Uns orzamentos onde se incrementan de xeito notable as partidas en emprego, dependencia, servizos sociais, vivenda ou sanidade? Que medidas son as que vostedes propoñen? En todo caso as que escoitamos pola súa banda se traducen en que se conxele o gasto público e eu preguntolles que onde. Outra das súas medidas é a de flexibilizar o despedimento porque segundo vostedes con iso se crearía algo máis de emprego.

Non se pode facer demagogia con algo tan serio. Vostede fala de comprar coches, claro que si, pero o que non di é que o 80% ou algo máis da nosa produción de automóbiles exportámola e nos outros países tampouco están para comprar vehículos.

Hai outra pequena cousa na que vostedes poden dicir algo: onde está a investir a Deputación provincial? Porque estabamos falando de que había que arranxar a Estrada Provincial e agora me acabo de decatarse de que nin a limpan de broza. Onde está o seu plan de choque na Deputación Provincial? Con quen se xuntan vostedes? Onde están os orzamentos para esta cidade dese plan de choque? Mentres tanto nós temos en marcha todos os proxectos, dende o auditorio, o aeroporto ou a propia estación de ferrocarril de Urzáiz.

De todos os xeitos facémolle unha proposta para convocar o Consello Social da cidade que leo: "Instar ó alcalde a convocar ó Consello Social da cidade no que se informe das medidas tomadas para mitigar os efectos da crise sobre a actividade económica e o emprego e recabar dos membros do Consello Social as suxestións, con especial atención ó impacto que a crise económica internacional está a ter no emprego e nos colectivos máis vulnerables". Esa é a nosa proposta, se a acepta votaríamos a favor porque non estamos de acordo nese plan de choque do que vostedes están a falar, cando un resume das medidas que se están a tomar polos tres gobernos están moito máis aló do que vostedes están a solicitar.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Rodríguez Díaz, no ano 1996 o PP atopou o paro no 22%; no 2004, cando se foi do goberno de España deixouno no 10%, baixou 12 puntos a

taxa de desemprego. Agora mesmo somos os líderes da UE en desemprego. Segundo Eurostat a última estatística europea di que España está nun 13,91% de taxa de paro, pasou nun ano do 8,6% ó 13,91%, é a taxa máis grande da UE porque a media está no 7,8% e nós estamos polo 14%. A taxa de paro na provincia de Pontevedra é tres puntos maior ca de Galicia, estamos pasando do 12%. En Holanda a taxa do paro é do 2,7%.

As nosas medidas xa as expuxemos, ademais o outro día estivo aquí D. Cristóbal Montoro co candidato á Xunta, D. Alberto Núñez Feijóo e xa en novembro presentaron unha batería de medidas de apoio ó sector do automóbil e tamén en xaneiro presentamos unha serie de medidas entre as que poderíamos salientar unha: o desenvolvemento dun Plan Prever que funcione, non o Plan Vive nin estas ocorrencias que ten o ministro Sebastián, a suspensión durante dous anos do imposto de matriculación de todos os vehículos, o aprazamento do pagamento durante dous anos das cotizacións sociais dos traballadores das concesionarias da industria do automóbil, que ninguén se lembra das concesionarias; a creación dunha liña ICO, etc. O que nos importa é que cada día en Vigo se van ó paro 28 persoas, 145 na provincia de Pontevedra e 294 en Galicia; iso é o que nos ten que preocupar. O Sr. Pérez Touriño tamén prometeu 35.000 empregos para o ano 2008 e pechamos este ano con 30.000 menos. O alcalde tamén prometeu un instituto municipal do emprego, pero sinceramente eu atopo moi perdidos nesta materia tanto ó alcalde como ó concelleiro de Emprego, así que lles vou pedir que a Sra. Lago lles preste o GPS para que se orienten un pouco.

A PRESIDENCIA: Sr. Fidalgo, fixéronlle unha proposta de medida transaccional e quería saber se acepta ou non poñela a votación. Sr. Rodríguez Díaz, lea a emenda transaccional por favor.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: “Instar ó alcalde a convocar ó Consello Social da cidade no que informe das medidas tomadas para mitigar os efectos da crise sobre a actividade económica e o emprego e recabar dos membros do Consello Social as suxestións, con especial atención ó impacto que a crise económica internacional está a ter no emprego e nos colectivos máis vulnerables”.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Se vostede di que é o mesmo entón imos votar a nosa e logo se vostedes queren presenten a súa. Non a acepto.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse, Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleira do Grupo Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, instando á Alcaldía a convocatoria do Consello Social da Cidade co fin de deseñar un plan de choque contra o desemprego, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

9.- (9).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO SE RESOLVAN AS DEFICIENCIAS DO LOCAL DA FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de xaneiro, a concelleira do Grupo Popular, Sra. Iglesias Bueno, formula a seguinte moción:

"O pasado mes de febreiro o goberno deste Concello tomou a decisión de clausurar un local na rúa Ecuador que levaba sendo utilizado hai 25 anos pola Federación de Veciños "Eduardo Chao". Díxose nese momento que o obxecto do desaloxo era que non cumpría as condicións mínimas de ocupación e que presentaba problemas estruturais que non permitían que se fixese alí ningún tipo de actividade polo perigo que supoñía.

Logo de moitos meses a situación segue a ser a mesma, non se ten feito ningunha obra de mellora nin dentro nin fora e o local permanece pechado e apuntalado, sen que haxa ningún viso de ser reparado.

Por todo o exposto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Resolver de forma inmediata as deficiencias estruturais deste local e da praza e a rúa superior, para que a Federación de Veciños poida continuar as súas actividades con normalidade."

A comisión informativa de Emprego e participación Cidadá, en sesión do 19 de xaneiro, quedou enterada do contido da anterior moción.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Iglesias Bueno, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

DEBATE.- SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Sra. Iglesias, estamos de acordo coa primeira parte da súa proposta que é a de resolver de forma inmediata as deficiencias estruturais do local da rúa Ecuador e rúa superior. No que non estamos de acordo e na segunda parte que di "...para que a Federación de Veciños poida continuar coas súas actividades con normalidade".

O 26-03-1992, na cláusula catro do convenio que se asina entre o Concello de Vigo e a Federación de Asociacións de Veciños "Eduardo Chao", acórdase a cesión do local da Praza da Princesa dado que o que tiñan na rúa Ecuador non reunía as condicións nin de habitabilidade, nin de espazo para que puideran desenvolver a súa actividade con normalidade.

A Federación de Asociacións de Veciños "Eduardo Chao" conta a partir desa data cun magnífico local na Praza da Princesa que é a que dá á Porta do Sol. É un segundo andar nun edificio nobre que ademais mide 267,20 m², nunha zona rehabilitada da nosa cidade, zona nobre, un edificio onde coido que estaba antes o arquivo da Penzol. Aquí teño algunha que outra foto en branco e negro e teño a ficha. Todo isto é para que os cidadáns teñan claro que a Federación veciñal "Eduardo Chao" conta con 227 m² no segundo andar dun edificio da Praza da Princesa onde ven desenvolvendo dende hai anos as súas actividades, non están na rúa cos mobles e digo isto porque ás veces se trata de transmitir esa idea.

Non estamos de acordo co do local de Ecuador porque non hai acordo de cesión deste local. En segundo lugar porque unha vez que a Federación veciñal "Eduardo Chao" pasa ocupar o local da Praza da Princesa, ese local case deixa de seren utilizado. Alí desenvolvéronse algunhas actividades con máis ou menos continuidade porque estivo pechado algún tempo. Estivo a Sociedade Cooperativa "Pasatempos", estivo o supermercado infantil "Aprende a consumir", durante un breve período de tempo fíxose alí a exposición do Plan Xeral e estaba ocupado pola asociación "Galicia acolle" cando se viron as deficiencias do edificio.

Cando o concelleiro de Patrimonio e eu mesmo acudimos alí ante a posibilidade de que o local fose un risco tanto para os traballadores que estaban dentro como para os viandantes, estaban alí dúas traballadoras de "Galicia acolle", non había ningunha actividade da Federación Veciñal porque como todos saben estas se desenvolven na

Praza da Princesa con toda normalidade.

Malia que en 2004 e logo en 2005 se fai a aprobación inicial de cesión de uso da Praza da Princesa á Federación veciñal “Eduardo Chao”, aínda non teñen o documento de cláusulas de cesión dese local, non se fixo. Non sei se vostede que foi concelleira desta área durante tres anos e medio decatouse diso, de que aínda a Federación veciñal “Eduardo Chao” non conta cunha cesión acordada e asinada entre os representantes do Concello e os da Federación.

O 13 de novembro entregóusenos polo arquitecto municipal o proxecto de obra dese local, o orzamento elévase a 49.914,80 euros. Aquí tamén se falou de que se o pecháramos para que a Federación non o puidera utilizar e como queda demostrado a Federación non utilizaba ese local e tampouco é quen para o ceder a ningunha outra asociación, para iso hai fórmulas para todas as asociacións que queiran acceder a algún local en igualdade de condicións. Voulle ler un par de cousas que veñen no proxecto de recuperación dese local para evitar algunhas das moitas cousas que se dixeron sobre se aquilo se podía utilizar de xeito normal e que non era ningún risco para ninguén.

Na visita que fixemos o concelleiro de Patrimonio, Sr. López Font e máis eu, as condicións de habitabilidade non pasarían nin o menor filtro de saúde e logo xa viría o da seguridade.

Leo un par de parágrafos que veñen neste expediente onde se di o que hai que facer e logo o orzamento. Dentro do que hai facer dise: “Desmontaxe da totalidade da fachada á rúa Ecuador que presenta perda de verticalidade nos seus parámetros e perigo de derruba, atopándose nestes intres apuntalada por motivos de seguridade”. Non lle vou ler todo, voulle ler algunha cousa para que tamén os cidadáns teñan claros os motivos de estaren iso apuntalado e de que non se estea usando.

Tamén di sobre o forxado da cuberta que está sobre a propia fachada da rúa Ecuador que “son elementos que non están dimensionados para soportar o peso propio dese elemento”. Isto quere dicir que as pedras que están pechando a terraza dese local son dun peso excesivo tamén para a fachada e polo tanto propoñen facer unha varanda metálica que substitúa ós actuais bloques de granito.

Sra. Iglesias, para resolver as deficiencias estruturais temos o proxecto e ímolo realizar pero o local o sacaremos a concurso entre as case noventa asociacións que non teñen ningún local e que o precisan para a súa actividade dado que a Federación veciñal “Eduardo Chao” conta, como xa dixen, cun local acondicionado de máis de douscentos metros na rúa da Princesa onde ó longo destes anos veñen

desenvolvendo as súas actividades.

SRA. VELOSO RÍOS: O local do que estamos falando nesta moción é o local histórico da Federación veciñal “Eduardo Chao”, foi onde comezou a súa actividade ata que logo, como xa se explicou, pasou utilizar os locais da Praza da Princesa. Utilizouse logo por distintas asociacións, ultimamente por “Galicia acolle” cedido pola Federación veciñal “Eduardo Chao”.

Efectivamente a Federación traballa como tal e ademais en colaboración con outras asociacións e con outras administracións e neste caso ese local estaba sendo utilizado a través desas colaboracións que realiza a Federación con outras asociacións da cidade desenvolvendo traballos que sempre redundan en beneficio da cidadanía. Logo este edificio efectivamente se clausurou por cuestións de perigo por mor do seu estado.

Pero xa pasaron oito meses e en calquera caso cómpre xa que este edificio se revise, que se rehabilite e se poida volver utilizar. Ata agora era un edificio que se utilizaba por outras asociacións de acordo coa Federación Veciñal e en todo caso, se pretendemos que agora mesmo cambie o uso do edificio, sería algo que habería que negociar e acordar coa Federación veciñal “Eduardo Chao” que era quen estaba agora mesmo xestionando o seu uso.

En todo caso, independentemente de que decidamos dende o Concello de Vigo que ese local siga sendo para uso da Federación ou para outro tipo de uso, o que está claro é que o hai que arranxar e logo establecer as conversas necesarias e facer a análise de cal é o mellor uso porque ata agora estaba sendo un uso beneficioso para toda a cidadanía, entón non vemos en principio a necesidade do cambiar como non a había antes de que se pechase o edificio. Por outra banda non parece moi coherente que se relacione este cambio de uso cunha deficiencia do estado do edificio.

O que hai que solucionar é que o edificio se poida utilizar como ata agora e logo se se decide cambiar o uso será esa outra cuestión que haberá que establecer entre o Concello de Vigo e a Federación, independentemente de que evidentemente teña o seu local na Praza da Princesa para desenvolver as súas actividades como Federación en si mesma de xeito habitual.

Por iso nós en principio estamos de acordo coa proposta de que se resolvan as deficiencias estruturais para poder continuar coas actividades que se viñan desenvolvendo con toda normalidade anteriormente.

SRA. IGLESIAS BUENO: Este é un claro exemplo de como está funcionando o Partido Socialista nesta cidade, sobre todo nestas cuestións. En primeiro lugar na xestión tan pouco eficiente que se fai dos temas. Non é posible que un local estea caendo hai once meses, que sexa algo moi grave, que poida haber risco para as persoas que circulan por alí e isto estea sen rematar. O desaloxamento fíxose o 26 de febreiro de 2008 e aínda non se rematou. Agora resulta que teñen vostedes un proxecto, pero é que o proxecto xa o deberían ter ó mes seguinte porque tampouco é un local de cincocentos metros cadrados.

En segundo lugar este é outro exemplo da política que fai este alcalde de “ou estás comigo, ou contra min”. Eu teño claro que se esta asociación lle dixera que si a todo ó alcalde seguramente non só estarían aí, senón que a obra tamén estaría feita.

Terceiro, logo pagan outros as consecuencias como son todas as persoas que pasan decote por esa zona, que ademais é moi concorrida, por un enfrontamento dun alcalde cunha federación. Ó final os que o pagan son os veciños.

Dicía que non é posible que dende febreiro de 2008, case un ano, estea desaloxado un local porque segundo o Concello está en grave perigo de desprendemento. Eu penso que esta situación se produce pola segunda cuestión que mencionaba, porque o local se utilizaba por un colectivo co que vostedes non están cómodos.

Xa dicía o Sr. Figueroa na súa primeira intervención, que se os colectivos non lles din que si a todo acantóaselles, perségueselles e non se lles ten en conta. Ademais isto o utilizan vostedes para lles dicir ás demais asociacións que se non están na súa liña se atean ás consecuencias porque lles pasará o mesmo que á Federación veciñal “Eduardo Chao”.

Sr. Rodríguez Díaz, coa súa explicación o único que deu foi un relatorio da súa propia ineficacia porque se vostedes no ano 92 cederon ese local, non fixeron ningún papel, logo volven gobernar no 2004 e seguen sen dar ningún papel eu creo que son vostedes os responsables desa mala xestión.

Pola miña banda, o outro edificio exactamente igual que hai de Fenosa na rúa Ecuador cando era eu concelleira de Participación Cidadá, arranxeino, leveino á Xunta de Goberno para facer a cesión; cedeuse á Agrupación de centros culturais quen pediu unha subvención á Deputación para arranxar a fachada e se lle concedeu; pediron unha licenza ó Concello e dixéronlle que non polo que perderon a subvención. Esa é a diferenza da xestión entre vostede e eu, entre o goberno de Corina Porro e o de Abel Caballero.

Está bastante claro. Eu non vou cambiar a moción: que se arranxe o local, que se

fagan as obras pertinentes e que se volva á actividade que se estaba realizando alí. Esa é a proposta e non a vou cambiar.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Sra. Iglesias, hai unha certificación do secretario xeral do Pleno do Concello, Sr. Riesgo Boluda, na que se fala da aprobación inicial, da natureza xurídica do andar segundo do edificio núm. 7 da Praza da Princesa, Expte. 17022/240, asíno a daquela alcaldes, D^a Corina Porro. Polo tanto iso que di vostede de que tiñamos que facer no 2008 non foi así porque non fixeron a cesión. Se quere lle paso a copia deste documento. Vostedes non fixeron a cesión do local da Praza da Princesa á Federación veciñal “Eduardo Chao”.

En todo caso, eu mantéñome en que o local que utiliza a Federación veciñal para a súa actividade normal é o da Praza da Princesa, con ou sen documento de cesión é o local que veñen utilizando. Unha asociación non pode ter o uso dun local e cedelo a outras asociacións, como é o caso do local da rúa Ecuador, porque para iso hai unha norma, hai normas para as asociacións que precisan de local para o desenvolvemento da súa actividade. Unha asociación que deixou un local porque se foi a outro mellor non pode deixar o primeiro a outras asociacións por moito que traballen en colaboración.

É certo que nestes intreos o local lles causa un prexuízo ós cidadáns que circulan por alí, pero xa lles dixemos en reiteradas ocasións que por estética non imos poñer en risco a vida dos viandantes. Tampouco pretendemos cambiar o uso do local, pretendemos que siga sendo utilizado polo movemento asociativo e así seguimos insistindo en que cando chegue o momento sacrase a concurso segundo as normas. De todos os xeitos, como seguen vostedes insistindo en que nós temos un enfrontamento coa FAVEC, téñolles que dicir que non. Ademais din que o local o utilizaba un colectivo, “Galicia acolle” que para nós non é cómodo e volvo dicir que non, que temos unha relación con eles perfecta e ademais hai o compromiso de buscarlle un local aínda que o malo é que non temos esa dispoñibilidade.

Para que vostedes deixen de pensar que temos unha “guerra aberta” con non sei quen, ímoslles votar a favor da súa moción, repararemos o local e logo falaremos sobre quen debe ou non ter o uso dese local.

SRA. IGLESIAS BUENO: Alégrome de que recapitase e que nos vote a favor da moción, pero iso significa o que di a moción, que logo se poderá continuar coas actividades que había. Pénsese ben antes de votar a favor porque senón imos ter un

problema.

Este concelleiro e o alcalde van pasar á historia como as persoas que menos traballaron polos colectivos da cidade. Son expertos en paralizar proxectos, xa levan uns cantos como o de Beade, o de Finca Solita, Colexio Alemán, Doutor Fleming; son expertos, xa non en facer cousas novas porque coido que non teñen nin un só centro planeado a maiores dirixido ós veciños, senón que paralizan todo o anterior porque si, porque non convén ou porque non lles gustan a quen van dirixidos eses centros. Alégrome de que finalmente voten a favor, pero lles lembro que iso significa cumprir a moción despois.

A PRESIDENCIA: Votar a favor significa iso e polo tanto asumir un compromiso político.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Iglesias Bueno, instando se resolvan as deficiencias do local da rúa Ecuador da Federación de Asociacións de Veciños Eduardo Chao, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

10.- (10).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO A QUE SE ESTUDE A POSIBILIDADE DE CONSTRUCCIÓN DUNHA ROTONDA NO REMATE DA RÚA ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de xaneiro, o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Coello Bufill, formula a seguinte moción:

"No afán de poder mellorar distintos espazos destinados a garantir a circulación dos vehículos e a seguridade dos peóns, presentamos a posibilidade de acometer a reforma do contorno que existe na actualidade na confluencia da rúa Escultor Gregorio Fernández coa rúa Vía Norte.

A situación actual de permitir o estacionamento a unha ducia de vehículos, na confluencia citada mediante sinalización horizontal, provoca que outros vehículos o fagan en dobre fila, convertendo o mencionado espazo nun aparcadoiro

indiscriminado de vehículos que impide a fluidez de tránsito na zona. Afectando tamén á seguridade dos viandantes que teñen que sortear un paso de peóns de 30 metros entre os vehículos estacionados no centro da confluencia co risco que supón para a súa integridade e as molestias cando se trata de atravesar con carriños de nenos.

Denunciado o feito por veciños da zona e constatada a incidencia no tráfico, o Grupo Municipal do PP considera oportuno propoñer a creación dunha redonda no remate da rúa Escultor Gregorio Fernández con Vía Norte coa finalidade de mellorar a fluidez do tráfico e tamén de “sanear” o caos de aparcamento que alí atopamos todos os días, trasladando o paso de peóns á zona estreita de rúa E. Gregorio Fernández.

Por outra banda consideramos oportuno atopar unha alternativa ás prazas de estacionamento existentes que ocuparía a nova redonda, propoñendo poder estacionar en batería onde na actualidade se estaciona en cordón, sempre que o permita o espazo de tránsito no contorno mencionado, gañando un maior número de prazas que a ducia actual.

Por todo isto o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que se adopte o seguinte acordo:

Instar ao Goberno Municipal a estudar tecnicamente a posibilidade de construír unha rotonda no remate da rúa Escultor Gregorio Fernández coa Vía Norte, así como mudar as prazas de aparcamento en cordón por batería onde o permita o espazo do contorno.”

A comisión informativa de Mobilidade, en sesión do 19 de xaneiro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. COELLO BUFILL: Esta moción ten a intención de mellorar a seguridade tanto para os peóns como para todo tipo de vehículos no contorno da confluencia de Escultor Gregorio Fernández con Vía Norte.

Se pasaron por alí nalgunha ocasión saberán que hai un estacionamento horizontal permitido no centro dese “cul de sac” que hai na confluencia desas dúas rúas que ó noso xuízo xera determinadas inconveniencias ós viandantes que teñen que sortear un paso de peóns sinalizado de aproximadamente trinta metros para unir as dúas beiras entre Vía Norte e a rúa que perpendicularmente accede que é Escultor Gregorio Fernández.

Os veciños maniféstanos que en ocasións hai motivos de certo perigo para os peóns. Nós tentamos mellorar esa situación e así propoñemos facer un estudo técnico por veren a procedencia de facer unha rotonda nesa confluencia para lles dar seguridade ós viandantes e trasladar o paso de peóns á zona máis estreita da rúa Escultor Gregorio Fernández. É ben sabido que hai unha ducia ou quince vehículos

que aparcen alí e polo tanto habería que buscar un estacionamento alternativo ó que existe agora en cordón para que puideran aparcen en batería. Deste xeito non sairían prexudicados algúns condutores que decote aparcen nesa zona.

Por todo iso instamos ó Grupo do goberno a estudar tecnicamente a posibilidade de construír unha rotonda no remate da rúa Escultor Gregorio Fernández coa Vía Norte, así como a mudar as prazas de aparcadoiro en cordón por prazas en batería onde o permita o espazo do contorno.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Sr. Coello, non sei que facer con vostede porque mire que teño gañas de aprobar algunha das súas mocións sen lle poñer ningún tipo de chata, encantaríame, estouno desexando, asegúrollo.

O primeiro que me sorprende da moción é que vostede fai unha descrición desa confluencia entre Vía Norte con Escultor Gregorio Fernández da que é vostede absolutamente responsable porque foi vostede, en agosto ou outubro de 2004, poucos meses logo de que tomaran posesión daquela maneira, quen puxo en marcha esta sinalización que converteu iso que vostede chama “cul de sac” nun aparcadoiro de coches, non só alí senón que tamén fixo que Escultor Gregorio Fernández tivera en ambas beirarrúas un aparcadoiro en batería.

Eu podo coincidir en que estamos en contra de que as rúas sexan aparcadoiros de coches, precisamente por iso pulamos as humanizacións, pero o sorprendente é que vostede que é o responsable se esqueza e propoña unha solución que en todo caso é absolutamente discutible dende todos os puntos de vista e dende logo dende o técnico, porque aínda que a moción propón que estudemos tecnicamente esta posibilidade, estudada xa semella bastante absurda.

Di vostede que poñamos un rotonda. Escultor Gregorio Fernández para a súa desgracia é practicamente unha vía de servizo, un aparcadoiro de coches e pouco máis e por iso xa lle adianto que hai unha responsabilidade deste goberno encabezado polo seu alcalde que suporá a futura humanización desa rúa.

O que vostede propón non ten ningún sentido porque se pasan poucos coches para se incorporar á Vía Norte o único que suporía unha rotonda sería dificultar a circulación para os que precisamente van dunha á outra banda da Vía Norte. Di vostede que para resolver que se perdan unha ducia de prazas, o único sitio onde hai aparcamento en liña que está na Vía Norte na beira da estación, na medida do posible o poñamos en batería. É dicir, vostede está dicindo que poñamos aínda máis aparcamento en batería e así cando os vehículos baixen por vía Norte terán que ir a

un lado para escapar dos coches que estarán aparcados en batería o que é unha absoluta tolería, non hai por onde coller isto.

Se a iso engadimos que esta zona é a que vai cambiar a curto prazo máis radicalmente nos vindeiros anos, que vai haber diante unha grande praza de máis de sete campos de fútbol, que aí vai estar a estación de autobuses, que vai haber unha conexión entre autobuses metropolitanos e de longa distancia cos autobuses urbanos, é obvio que toda esta zona vai sufrir unha transformación radical en pouco tempo.

Pero aínda sen esperar por esa transformación radical que vai ser necesario pular para poñer en marcha ese fabuloso proxecto que de seguro vai desenvolver Tom Main, o que está claro é que esta rúa ten en efecto que mellorar a súa situación e de aí lle adianto, como xa comentou o alcalde, que esta rúa vai ter a súa conseguinte humanización. É obvio que non podían entrar todas as rúas e non vai nesta ocasión porque, entre outras cousas, se vai humanizar Urzáiz en dous tramos, un ata Escultor Gregorio Fernández e logo dende esta rúa ata a Doblada, precisamente para que non teñamos máis problemas de tráfico dos que imos ter.

Non se preocupe vostede que dende logo esta zona quedará absolutamente descoñecida en pouco tempo pero non cunha solución que sería ir cara atrás en troques de mellorar.

SR. COELLO BUFILL: Non podo deixar pasar as palabras do Sr. Calviño sobre que tomamos posesión “daquela maneira”. Non, tomouse posesión democraticamente, legalmente.

Sabe vostede, Sr. Calviño, porque formaba parte do seu goberno que houbo un ex alcalde que presentou unha cuestión de confianza que perderon vostedes e os que daquela gobernaban. Vostede aínda segue remexendo aquela situación, semella que lle deixou feridas que sangran porque se non é así non ten sentido que no comezo da súa intervención no órgano máis democrático da cidade dixera ó meu grupo que tomamos posesión “daquela maneira”. Non asaltamos este Concello, non entramos por ningunha porta a cotenadas senón que nos sentamos aquí e votamos. Vostede sabe como se votou.

Eu non lle admito o que dixo de ningún xeito porque son demócrata. Xa lle dixen moitas veces que poderei errar pero teño profundas conviccións e creo na democracia auténtica que nos dimos todos os españois, galegos, vascos e calquera desta comunidade. Dende logo que como persoa e como demócrata me decepciona

que diga que tomamos posesión “daquela maneira”. Non, tomámola con luz e taquígrafos, diante das moitas cámaras que había nesta sala, de moitos representantes de seu que viñeron doutras provincias e que estiveron aquí. Dende logo que a toma de posesión foi axustada á legalidade e a calquera procedemento escrito, senón non poderíamos tomar posesión.

Sr. Alcalde, coido que hai que poñer punto a algunhas cousas cando se din de xeito frívolo e inconsistente porque lle veñen á boca. Vostede, Sr. Calviño, ten que ser prudente como político porque podemos discrepar da rotonda e ó mellor vostede ten razón, pero non lle acepto que nos diga ás trece persoas que nos sentamos deste lado que daquela o Grupo Popular accedera á Alcaldía “daquela maneira” porque foi con luz e taquígrafos e senón vaia vostede consultar nas hemerotecas. Digo isto por respecto institucional porque creo na democracia cando a representan lealmente as persoas.

Perdoen os medios de comunicación e todas as persoas que están aquí que me estendera deste xeito.

En canto á rotonda ten vostede razón. Eu xa sabía que son responsable desas circunstancias pero, quizais pola experiencia da vida eu teño a virtude de observar, escoitar e logo falar. Eu lembro que eses técnicos que vostedes din que ás veces os manexamos, outras que facemos caso omiso do que informan, me propuxeron que naquela zona onde aparcaban indiscriminadamente vehículos no medio, e eu vin retirar vehículos co guindastre porque non había sinalización e era un “cul de sac” onde, ó non haberen outro sitio para aparcar, moitos condutores deixaban o coche. Daquela os técnicos me presentaron esa posibilidade, foron os técnicos, enxeñeiros, expertos en tráfico nesta casa; dous enxeñeiros, os únicos que estaban e que agora precisamente xa non están nese departamento. Reitero que eles son os únicos que teñen a titulación da Universidade Politécnica de Barcelona e é “curioso” que agora non estean no departamento.

Eu vin que era unha proposta aceptable e o lugar reordenouse con sinalización horizontal para que se puidera aparcar, para que o guindastre non levara a uns cantos vehículos que aparcaban aí porque vostede sabe o que custa pagar o guindastre coma min. O cidadán que non ten onde aparcar porque os aparcadoiros están un pouco a desmán aparca aí, é así, é condición humana, ou vostede non o fixo algunha vez, Sr. Calviño? Como moitos cidadáns aparcaban alí pensei que así se solucionaría tamén ese problema e así se dá tamén un aspecto de legalidade. Efectivamente pintáronse os aparcadoiros e tamén un paso de peóns para que

dalgún xeito tiveramos regulamentada esa zona en concreto.

O departamento que vostede dirixe, á parte doutras cousas como é a seguridade, chámase Mobilidade que é o que fai que as cidades sexan dinámicas. Hoxe podemos pensar que esa foi unha situación transitoria, pero no devir dos días pódese observar que algo que se iniciou cun criterio razoable de facilitar algo nese contorno nestes momentos non funciona porque, á parte das prazas sinalizadas horizontalmente, hai vehículos que a maiores aparcan de xeito indiscriminado e iso dificulta o tránsito de viandantes, de persoas maiores, de xente que vai cara á clínica Fátima e que acceden por ese contorno.

Esta moción ten a intención de mellorar. Vostede di que teñen moitos proxectos de humanizacións que ogallá sexan realidade algún día, di que van humanizar toda a cidade. Iso é magnífico, tocoulles esa choiva de millóns, ogallá todas as familias tiveran despexadas as moitas incógnitas que teñen. É unha sorte para Vigo que vostedes teñan tantos millóns e que pensen agora en humanizar ese contorno. Ogallá porque os cidadáns e veciños do contorno gañarán en calidade, a humanización será moito máis agradable para os veciños que ver os coches aparcados alí. Eu non discuto iso. Poderemos discrepar pero cando eu presente a moción sabía por que a presentaba. Eu o que fixen asúmoo plenamente con ou sen erros, aí está a xestión.

Alégrome de que vostedes teñan ese proxecto e se cabe a posibilidade de que aí vaia unha rotonda ou un xardín gañaremos todos en seguridade e ó final é o mesmo, Sr. Calviño, cando un está aquí ten a obriga de presentar ideas que beneficien ós cidadáns. Eu síntome orgulloso de presentalas coa humildade de sempre. Igual podó estar desacertado, pero coido que non tanto cando vostede di que vai humanizar todo ese contorno. Nós non tiñamos todos eses millóns que teñen vostedes.

Di vostede que van facer unha humanización, pois “Ben vido Mr. Marshall” e que todos os vigueses e viguesas o vexamos porque estaremos todos de nora boa.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Asómbreme o efecto das miñas primeiras palabras, debe ser que “quen se pica allos come” porque unha valoración tan sinxela como dicir que chegaron vostedes ó goberno “daquela maneira” e que dalgunha maneira vivimos tres anos e medio cunha certa anomalía de non ter unha maioría nesta Corporación, que felizmente a democracia e os cidadáns son así de sabios e volveron poñer as cousas no seu sitio, fíxese se creo na democracia que en efecto foron os cidadáns de Vigo os que en efecto puxeron as cousas no seu sitio de onde non tiñan que ter saído. Creo que esta moción tal e como está redactada non ten moito sentido, parece que

vostede entende que é obvio e necesario deixar iso para ese proxecto de futuro e con iso xa me evito falar do tema que realmente nos preocupa de seguro a todos que é un mellor tráfico e unha mellor seguridade. Estea completamente certo que vai ir nesa dirección a solución para os temas deste acordo entre Escultor Gregorio Fernández e Vía Norte.

SR. COELLO BUFILL: Sr. Calviño, volve incidir no comezo da súa exposición. Pois luz e taquígrafos: vostede formaba parte dese goberno e ó mellor daquela lle podía ter dito ó seu alcalde que rectificara ou non, non sei se vostede o fixo, pero o que é evidente é que chegamos á Alcaldía democraticamente. Aquí se vota cada catro anos, agora votaremos as autonómicas, logo as europeas, logo as xerais e logo serán os comicios locais; evidentemente que iso é unha democracia. Eu non digo máis, son os cidadáns os que poñen e os que quitan.

Sr. Calviño, coido que lle dixen bastante do que penso no meu interior do que é un demócrata.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse, Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Coello Bufill, instando que se estude a posibilidade de construción dunha rotonda no remate da rúa Escultor Gregorio Fernández, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

11.- (11).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO A QUE SE INICIE COA MAIOR CELERIDADE POSIBLE, O EXPEDIENTE PARA A REALIZACIÓN DO INVENTARIO DESTE CONCELLO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de xaneiro, o

concelleiro do Grupo Popular, Sr. Martiño Gómez, formula a seguinte moción:

"É sabido por todos que na oficina do Inventario Municipal, recíbense visitas diarias e chamadas telefónicas para consultas sobre a titularidade de viais, cesións de API, CUS, zonas verdes, locais, AA.VV que solicitan información das propiedades do seu ámbito, presidentes de comunidades e cidadáns en xeral, preocupados polos espazos verdes que circundan o seu edificio e queren saber a quen lle corresponde a titularidade e o seu mantemento. Os distintos departamentos do Concello solicitan información da titularidade dos bens para acometer o seu mantemento (limpeza, obras, acometidas). Por outra banda está o rexistro de entradas da oficina, as solicitudes que entran por rexistro e que precisan tempo para realizar a inspección correspondente, informar aos cidadáns e recibir a documentación, arquivala e posterior confección da fichas de propiedade para incluílas de alta no inventario.

Todo isto é motivo suficiente para propoñer a necesidade urxente de acometer os traballos de actualización do Inventario, dado o mal estado no que se atopa.

Con data 29 de abril de 2008 a Xunta de Goberno aproba un expediente de 300.000 euros para a contratación da asistencia técnica para a comprobación, revisión e actualización do inventario municipal de bens e dereitos deste Concello, expediente que logo da súa aprobación e terse levado a varias Mesas de Contratación, quedou sen adxudicar, sendo declarado deserto por la Xunta de Goberno en data 7 de outubro de 2008.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ó Pleno da Corporación do Concello de Vigo o seguinte acordo:

Que se inicie coa maior celeridade posible o expediente para a realización do Inventario deste Concello, co fin de darlle servizo ás necesidades imperiosas dos cidadáns e dos distintos servizos que conforman esta Institución.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 19 de xaneiro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. MARTIÑO GÓMEZ: Dende sempre producíronse na oficina do Inventario Municipal numerosas visitas e chamadas telefónicas, tanto de persoas individualmente para o coñecemento dos viais e cesións de aproveitamento de patios interiores, de cesións de uso de superficies, zonas verdes, locais de asociacións, que solicitan información para saber exactamente a quen pertencen determinados ámbitos, ó mesmo tempo que os distintos tipos de persoas que conforman as propiedades dos edificios e que queren saber a titularidade para o seu mantemento. Tamén se producen chamadas procedentes de distintos departamentos deste Concello para saber cales son as zonas de limpeza, asfaltado ou electricidade. Neste departamento se leva a xestión de modificacións do inventariado e outras que

se producen dos distintos camiños públicos ou privados e para dar unha resposta eficaz sería interesante coa maior urxencia ter un inventario xa realizado.

Neste intre, sendo as trece horas e nove minutos, se ausenta da sesión o Alcalde-Presidente, Sr. Caballero Alvarez. Preside a sesión o Tenente de Alcalde, Sr. Domínguez Olveira.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Presidente, coido que é unha falla de respecto o que está a pasar. Paréceme moi ben que o Sr. Alcalde teña que dar unha rolda de prensa e que o faga cando queira, pero coido que en vinte anos que levo na vida municipal, mire que vin cousas, pero unha falla de respecto tan grande a todos os corporativos...

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa Vila, no apartado de rogos e preguntas vostede pode intervir.

SR. FIGUEROA VILA: Esta é unha cuestión de orde moi importante.

A PRESIDENCIA: Non é unha cuestión de orde. Neste intre estamos a debater esta moción que é o que toca na orde do día.

Sendo as trece horas e dez minutos todos os compoñentes do Grupo Municipal do Partido Popular presentes na sesión abandonan o salón de Plenos.

SR. LÓPEZ FONT: Evidentemente paréceme unha falla de respecto total por parte do Partido Popular á democracia e ó conxunto dos corporativos. Dende o primeiro momento o Grupo municipal do Partido Popular xa abandonou esta sala no debate dos presupostos pero o que é incrible é que cometeran esta falla de respecto deixando baleiros os bancos da oposición cando eles saen continuamente, cando as ausencias dos concelleiros do Partido Popular son habituais. Todos os corporativos por distintos motivos temos o mesmo dereito a ausentármonos da sala. Só as ganas de facer a política diría que ata máis impresentable pola cousa máis nimia, lévalles cometer esta falla de respecto.

Coido que non ten ningún sentido que abandonaran a sala, descualifícanse por si mesmos e non teñen ningunha xustificación ó que veñen de facer. O Pleno estaba desenvolvéndose con absoluta normalidade e insisto que cada corporativo, polo

motivo que sexa, temos dereito a saír da sala. Non había ningunha cuestión de desorde nesta sala, o Alcalde, como o Tenente de Alcalde, como o resto dos corporativos ten o mesmo dereito a ausentarse que os demais concelleiros.

A PRESIDENCIA: Sr. López Font, como non hai cuestión de orde como vostede di, pídlle que continúe defendendo a moción.

SR. LÓPEZ FONT: En relación coa moción presentada polo partido Popular anuncio o noso voto a favor detallando o que ocorreu cos traballos de revisión do Inventario municipal.

Tal como se di na moción é certo que se convocou o concurso con data 29 de abril, aprobándose pola Xunta de Goberno un expediente por importe de 300.000 euros. Á vista da oferta presentada que non se axustaba ós pregos de condicións e que a Mesa de Contratación considerou que non era a idónea polo desenvolvemento dos traballos que presentaba, a Xunta de Goberno con data 7 de outubro declarou deserto o concurso.

En relación coa celeridade da que fala a moción e que pretende este goberno, debo manifestar que só oito días máis tarde, o 15 de outubro, a proposta deste concelleiro iniciouse o novo procedemento de contratación con novos pregos e con outro importe para o concurso convocado. Coido que a celeridade administrativa foi a máxima, os pregos están en Contratación e en Asesoría Xurídica para o seu informe e só o importante volume de traballo que houbo no fin do ano e os expedientes que se tiveron que tramitar en relación coas humanizacións, atrasaron isto un pouco pero, de acordo co manifestado pola Asesoría Xurídica, o informe xurídico estará realizado antes de finais de xaneiro.

Insisto que a nosa postura é favorable porque considero que o Inventario forma parte necesaria do corpo administrativo desta Corporación e que debemos darlle a maior urxencia e celeridade posible. Con esta exposición e de acordo co informe da Asesoría Xurídica que estará a finais deste mes, procederemos á convocatoria do concurso coa maior celeridade posible como se pide na moción pero entendendo que se trata dunha información da que xa dispoñían e é unha moción, como as que presenta noutras ocasións o Partido Popular, na que algo que se ven facendo e que se está desenvolvendo correctamente preséntana como se non se fixera nada.

Por todo o anterior votaremos a favor.

A PRESIDENCIA: Comunícolle ós concelleiros e concelleiras que consultado co Secretario do Pleno temos quórum suficiente para desenvolver este Pleno e habida conta que o defensor da moción auséntase do Pleno, pasamos directamente á votación.

(Están ausentes os compoñentes do Grupo Popular Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse e Porro Martínez. Igualmente está ausente o Alcalde-Presidente Sr. Caballero Álvarez; preside o Pleno o Primeiro Tenente de Alcalde, Sr. Domínguez Olveira).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos trece membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Martiño Gómez, instando que se inicie coa maior celeridade posible o expediente para a realización do inventario deste Concello, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

12.- (12).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO Ó GOBERNO MUNICIPAL A QUE REALICE AS XESTIÓNS OPORTUNAS CO GALLO DE QUE CONTINUE A ACTIVIDADE DA FACTORIA ALFAGEME.

Ó non estar presente no salón de Plenos o propoñente da moción, Sr. Figueroa Vila nin ningún outro membro do Grupo Popular, o expediente decae da orde do día.

13.- (13).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO A REMATAR, PRESENTAR E EXECUTAR O PLAN DIRECTOR DO CASTRO.

Ó non estar presente no salón de Plenos a propoñente da moción, Sra. Larriba Leira nin ningún outro membro do Grupo Popular, o expediente decae da orde do día.

- 14.- (14).- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA CON MOTIVO DA SITUACIÓN NA FRANXA DE GAZA.
- 15.- (15).- MOCIÓN DO GRUPO DO BNG DE CONDENA AO ATAQUE ISRAELÍ CONTRA A FRANXA DE GAZA EN PALESTINA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 21 de xaneiro, o concelleiro do Grupo Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte moción:

"A brutal ofensiva israelí sobre a Franxa de Gaza desatada nas últimas datas, a maior operación militar na zona desde a Guerra Árabe-Israelí do '67, produciu xa máis de 900 mortos e miles de feridos, sendo a maioría deles civís e un alto número de nenos, provocando un sufrimento inmenso na poboación da Franxa que se ve cercada, sen alimentos nin medicamentos, e acosada polos bombardeos israelís.

O lexítimo dereito de Israel a defender a súa seguridade non pode supoñer en absoluto carta branca para infrinxir un castigo colectivo á poboación civil palestina de Gaza. Os execrables ataques de Hamas, por medio do lanzamento de foguetes cara a poboacións israelís, non son escusa para o uso desproporcionado e indiscriminado da forza por parte de Israel que, en lugar de favorecer a paz e a seguridade para o seu pobo, conducen a unha espiral de violencia que ameaza con perpetuarse no tempo e erradicar as esperanzas de alcanzar un solución global, xusta e duradeira para o conflito de Oriente Medio.

O bloqueo económico ao que Israel veu sometendo a Gaza desde que Hamás se fixese co control da Franxa en xuño de 2007, unido á ofensiva militar destas semanas, sumiron á poboación palestina nunha situación humanitaria de máxima urxencia. Os bombardeos indiscriminados -ata a escolas baixo bandeira da ONU-, a destrución de hospitais, a falta de medicamentos, comida, auga, combustible e subministración eléctrica, fai que o coidado dos feridos e a supervivencia da poboación, cuxa fuxida está imposibilitada polo peche das fronteiras, é inadmisíble e provoca que o coidado de feridos e a propia supervivencia dunha ampla parte da poboación civil de Gaza estean en grave perigo.

Ante esta dramática situación, os esforzos diplomáticos despregados pola comunidade internacional non están dando os resultados necesarios para conseguir un cesamento do fogo definitivo que permita aliviar o sufrimento extremo que está padecendo a poboación civil. O noso país, cunha probada capacidade de interlocución na rexión, pode e debe xogar un papel crave nos devanditos esforzos internacionais para abrir un espazo á política e lograr o cesamento da violencia, tal e como promove o plan de paz exipcio.

Ademais de reclamar de forma contundente e desde o inicio o cesamento da violencia, e como reflexo da solidariedade do pobo español co pobo palestino, España está prestando especial atención á situación humanitaria que padece a poboación civil na Franxa. Nestes momentos, gracias aos últimos incrementos nas achegas de

axuda, o noso país converteuse no 2º doante aos Territorios Palestinos e conseguiu implantar un corredor humanitario España-Gaza, o primeiro da súa clase, froito de constantes contactos diplomáticos na rexión e a nivel multilateral. Ata a data, foron enviadas a Gaza máis de 50 toneladas de produtos hospitalarios e anunciouse unha achega de 1,5 millóns de euros a través do Comité Internacional da Cruz Vermella, e de 5 millóns de euros a través da Axencia de Nacións Unidas para os Refuxiados (UNRWA).

Con todo, a crueza e gravidade da situación, xunto co compromiso da sociedade española coa paz entre Israel e Palestina, esixen que estes esforzos diplomáticos e humanitarios continúen.

Desde numerosos sectores sociais veñen demandando que os representantes políticos, desde un sentimento humanitario, levantemos a voz para continuar esixindo o inmediato cesamento das accións bélicas de Israel contra a franxa de Gaza, á vez que demandemos un maior esforzo diplomático e político para facer cumprir as resolucións da ONU e buscar a solución definitiva ao conflito que enfrenta a israelís e palestinos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Vigo presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal os seguintes ACORDOS:

- 1.- Mostrar a súa máis enérxica condena ás accións militares emprendidas polo Goberno de Israel na Franxa de Gaza, absolutamente desproporcionadas e contrarias ás máis elementais normas do Dereito Internacional, que están causando centos de vítimas, na súa maioría civís e nun gran número nenos e nenas.
- 2.- Condenar rotundamente os execrables ataques de Hamas contra a poboación de Israel e esixir que poña fin aos mesmos.
- 3.- Expresar a súa máis profunda indignación pola dramática situación humanitaria na Franxa de Gaza, e esixir ao goberno de Israel que cumpra coas súas obrigacións segundo a lexislación internacional e a lexislación humanitaria internacional pondo fin ao bloqueo, permitindo o pleno acceso da axuda humanitaria e da prensa internacional.
- 4.- Saudar a actuación do Goberno en materia de axuda humanitaria co despregamento de diversos operativos de urxencia e o aumento das achegas, que pon de manifesto o compromiso e a solidariedade que os cidadáns españois teñen cos palestinos.
- 5.- Instar ao goberno de España, en virtude da súa capacidade de interlocución con todos os actores da rexión, a desenvolver todas as accións diplomáticas e políticas necesarias para esixir un cesamento do fogo perdurable, en cumprimento da Resolución 1860 do Consello de Seguridade da ONU do 08.01.2009, así como as súas anteriores resolucións sobre Oriente Medio que establecen o dereito do pobo palestino a crear un Estado soberano e o dereito do Estado de Israel a unha existencia pacífica."

Igualmente con data 19 de xaneiro tivo entrada no Rexistro Xeral unha moción da voceira do Grupo municipal do BNG co seguinte contido:

"Nos últimos días o exército de Israel ten bombardeado e invadido a franxa de Gaza, en Palestina, provocando centos de vítimas, maioritariamente nenos, nenas e mulleres, sen contar os centos de feridos e feridas de carácter grave.

Este ataque é un crime de guerra que aparece como colofón de máis dun ano de bloqueo do Estado de Israel contra o pobo de Gaza, que xa provocara unha grave crise humanitaria e as súas vítimas súmanse ós máis de 5.000 palestinos mortos dende setembro do ano 2000, en que empezou a rebelión contra o Estado israelí na coñecida como segunda intifada, e onde tamén morreron máis de 900 nenos e nenas.

Queremos manifestar a nosa solidariedade co pobo de Palestina, facer un chamamento a que se deteña inmediatamente a agresión contra Gaza, instando ó Estado español e comunidade internacional a condenar os ataques, impondo ó Estado de Israel condenas diplomáticas e comerciais e consecuentemente adoptar polo Pleno da Corporación os seguintes acordos:

- 1.- Rexeitar os bombardeos e invasión levados a cabo polo exército de Israel, que evidencian o colofón do bloqueo perpetrado contra o pobo de Gaza en Palestina, constituíndo un crime de guerra.
- 2.- Transmitir a solidariedade e apoio á representación do pobo de Palestina en Galicia.
- 3.- Remitir cadanseu escrito de condena ó Presidente e Vicepresidente da Xunta de Galicia, Presidente do Goberno Español, Ministerio de Asuntos Exteriores e Embaixada de Israel, coa petición de que o Estado Español suspenda as relacións diplomáticas e económicas co Estado de Israel até que non se poña fina á agresión militar, invasión e bloqueo que está a perpetrar na franxa de Gaza, en Palestina.
- 4.- Solicitar, así mesmo, que o Estado Español inste oficialmente ó cumprimento das reiteradas resolucións da ONU relativas á retirada do Estado de Israel dos territorios ocupados; ó tempo que se demanda, no marco das Nacións Unidas, o envío inmediato dunha misión de observación e interposición co fin de garantir o fin do bloqueo e da agresión militar."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 19 de xaneiro, quedou enterada do contido das anteriores mocións.

DEBATE.- A PRESIDENCIA: Teño coñecemento de que as mocións 14 e 15, sobre o mesmo tema da situación na Franxa de Gaza, presentadas unha polo Grupo Socialista e outra polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego, refúndense nunha soa segundo me expresaron os voceiros Sra. Méndez Piñeiro e o Sr. López Font.

SR. LÓPEZ FONT: O motivo da presentación desta moción por parte do Grupo municipal Socialista está na preocupación pola ofensiva israelí nos territorios de

Gaza. Sen poder concretar á data de hoxe, a verdade é que vai un número importante de mortos, en torno ós 1.400, e entendíamos que este Pleno perante unha situación tan grave debe de pronunciarse sobre rexeitar eses bombardeos, esa invasión e transmitir solidariedade ó pobo de Palestina.

Tamén estabamos preocupados pola situación humanitaria que se vive na Franxa de Gaza e pretendemos que esta axuda humanitaria se concrete nuns operativos de urxencia como xa se ven realizando.

A partir daí, a intención desta moción conxunta que se ven de presentar é instar a que se desenvolvan as accións diplomáticas oportunas para que se restableza a legalidade e as resolucións da ONU e tamén un envío inmediato dunha misión de observación. A pretensión con esta moción na que se acordou refundir as mocións presentadas polo Partido Socialista e o BNG, dado que se parecían nos seus termos, é que estes puntos base que citei anteriormente formen parte dunha resolución conxunta deste Pleno da Corporación.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Como dicía o Sr. López Font, dende o BNG a nivel nacional galego estase presentando unha moción para manifestar a solidariedade do pobo galego e das corporacións municipais coa crise que hai neste intre en Gaza.

Teño un informe da UNRWA, axencia da ONU para os refuxiados palestinos, remitido ó Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, recibido o 19 de xaneiro de 2009. Este informe di que trala reunión do Gabinete de Seguridade de Israel o 17 de xaneiro, o Primeiro Ministro Olmert anunciou un cesamento do fogo unilateral en Gaza que entrou en vigor ás 2 am. Segundo o Ministerio de Saúde palestino os datos ás 16 pm do 18 de xaneiro eran 1.300 palestinos mortos, dos que 412 eran nenos e 104 mulleres. O número de feridos ascendía a 5.300; destes 1.855 son nenos e 795 mulleres.

O Ministerio tamén indicaba que os ataques israelís causaron unha extensiva destrución de fogares e de infraestruturas públicas. Durante os 23 días do ataque cinco traballadores da ONU, da Axencia UNRWA, faleceron; 53 instalacións da UNRWA resultaron danadas, a maioría escolas.

A crise humanitaria en Gaza nestes momentos ten unhas dimensións practicamente incalculables. A UNRWA opera actualmente en cincuenta refuxios de urxencias para 50.896 persoas, necesitan 23.000 mantas e colchóns. A capacidade dos hospitais está superada, as unidades de coidados intensivos non son quen para exercer a súa función. A Media Lúa Vermella palestina foi totalmente destruída durante o

bombardeo do 15 de xaneiro. 400.000 habitantes en Gaza non teñen auga corrente; a bomba de auga de transporte das augas fecais está obstruída; hai 30 metros cúbicos en cinco rúas principais que flúen constantemente. A poboación de Gaza non ten alimentos, non ten diñeiro efectivo. O 17 de xaneiro a maioría da poboación de Gaza recibe a electricidade de forma intermitente, só tres horas ó día.

As necesidades prioritarias segundo a UNRWA son a apertura de cruzamentos; fornecemento de alimentos para o 80% da poboación; restablecemento da rede eléctrica que é vital para manter a actividade dos servizos dentro da Franxa de Gaza; subministración de combustible, non teñen enerxía, está pechado dende o 30 de decembro; non teñen diñeiro efectivo, non hai liquidez.

En canto á educación o 17 de xaneiro comezaba o segundo semestre para 200.000 nenos das escolas da UNRWA; é prioritario acadar que os nenos volvan ás escolas. Hai 44 escolas destruídas. Isto é no que se converteu Gaza.

Por iso pedimos a esta Corporación que se solidarice coa crise humanitaria de Gaza e que se adopte o seguinte acordo...

Deseguido a Sra. Méndez Piñeiro procede a ler o texto que se transcribe na parte resolutiva do presente acordo.

Durante a intervención da Sra. Méndez Piñeiro, sendo as trece horas e vinte minutos, se reincorpora á sesión o alcalde, Sr. Caballero Álvarez, que ocupa a Presidencia.

SR. FIGUEROA VILA: Antes de seguir co Pleno pediríamos unha cuestión de orde.

Coido que non é bo para a democracia que se tente agachar o debate, a falta de transparencia. Somos varios os representantes que estamos dentro da Corporación, para iso hai un Pleno público, con medios de comunicación, e coido que non é de recibo que nun Pleno da Corporación da cidade de Vigo o Alcalde se ausente, convoque ós medios de comunicación levándoos deste Pleno e furtando a posibilidade da transparencia dun debate público.

Parécenos que ese non é o estilo para un alcalde da cidade de Vigo. Hai moitos momentos para facer roldas de prensa e comunicados, pode facelo ó rematar o Pleno ou mesmo, se considera que é un tema de máxima urxencia e de gravidade, pode falar cos voceiros e dicir que necesita dez ou quince minutos para comunicar o que sexa e sempre se aceptaría, pero o que non nos parece ben é que vostede se ausente do Pleno e que convoque a unha parte da sociedade e da representación dos

medios de comunicación que están aquí para que todo teña a máxima transparencia. Polo tanto pediríamos que se volviera ó debate onde vostede se ausentou e xa anunciamos que se non é así, este grupo se levantaría e se ausentaría como sinal de protesta porque non nos parece que esa sexa a forma de actuar dun Alcalde.

Evidentemente os medios de comunicación teñen un representante cada un neste Pleno e se vostede os convoca será porque hai algo moi grave. Quedarnos aquí sen posibilidade de que os cidadáns de Vigo poidan saber o que pasa nun Pleno non nos parece oportuno, parécenos un dato máis dese ocultismo, falta de transparencia e arrogancia. Pensamos que merecemos outro respecto.

Este Pleno ía por canles de absoluta normalidade en tempo, en respecto, cada quen defendendo o seu tema e coidamos que non é de recibo.

Pedimos ó Sr. Alcalde que volva á moción núm. 11 que era a que se ía empezar a debater porque coido que é o que procedería.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, os réximes parlamentarios teñen formas de funcionamento que se acostuman utilizar de xeito permanente. É unha práctica habitual nos parlamentos que con frecuencia o presidente da Cámara, da Mesa, cada un dos deputados do Goberno, faga declaracións ós medios de comunicación mentres a sesión continúa. É práctica absolutamente habitual de cada día en todos os parlamentos do mundo.

É moi frecuente que ó rematar un debate todos os que participaron nel dean as súas opinións, falen coa prensa mentres o Pleno do Parlamento continúa. Isto tamén acontece aquí e é frecuente que membros da Corporación fagan declaracións mentres o Pleno continúa. Moitos dos que estamos aquí, mentres o Pleno segue en funcionamento, fan declaracións cada vez que a prensa considera razoable asistir.

Debo dicir que fixe unha declaración que non tiña nada que ver co que se estaba debatendo neste Pleno. Por razón de conveniencia de tempo porque os medios de comunicación emiten a medio día, tiña que facer unha valoración do impacto do temporal na cidade de Vigo. É un tema relevante que está de actualidade e que ten un certo interese informativo.

Este Alcalde limitouse a dar información de todos os efectos do temporal nesta fin de semana. Era o momento procedente sen interromper en absoluto nin o funcionamento do Pleno que quedou magnificamente ben dirixido polo Tenente de Alcalde que para iso está, para seguir co funcionamento democrático.

Entendo que vostedes sobreactuaron porque, se cada vez que un membro dun

gobierno fai unha declaración nun corredor sobre calquera tema se levantara o Pleno, estaríamos bos, vaia funcionamento en democracia. Continuamente e de xeito habitual fanse esas declaracións. En primeiro lugar porque todo o que se fale coa prensa é bo e en segundo lugar os membros da prensa poden elixir se lles interesa permanecer aquí, ter máis persoas destacadas ou centrarse noutros temas.

Por certo que o fixemos ó final do Pleno cando parecía que era un momento razoable e nunha moción específica, de tal xeito que parecía que era o momento de dar esa información porque á marcha na que ía o Pleno non chegaríamos a tempo e algúns medios queren ter esa información ó medio día

Debo dicir que sobreactuaron, están tan tensos, non debo dicir que nerviosos, que sobreactúan. Non pasa nada porque o Alcalde faga unha declaración de exactamente cinco minutos ós medios de comunicación, debería ser a forma habitual. Se queren lles digo de alcaldes e Plenos que se erguen e a prensa failles preguntan e contestan. Esta é a forma de funcionamento.

Coido que podemos seguir con esta moción e por parte deste Presidente non hai ningún problema, se os restantes voceiros así o consideran, en volver atrás ás mocións que quedaron atrasadas. Pido a súa opinión ós voceiros.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Se o Secretario establece que se pode, non será o Bloque Nacionalista Galego quen se opoña, evidentemente, pero quero saber esa opinión porque as dúas mocións decaeron neste Pleno. Maximo que cando se presenta unha moción é porque os temas son o suficientemente importantes para a cidade e estas mocións decaeron porque os que tiñan que as defender non estaban. As dúas persoas que tiñan que defender as mocións non tiveron respecto por este Pleno, pola persoa que o presidía, nin polos temas que levaban porque se ausentaron e coa súa ausencia estaban dicindo que non lles interesaba defender esas dúas mocións neste Pleno.

Hai unha cousa clara: se nos parece mal que o Alcalde emita un comunicado e deixe o Pleno cando este nunca deixou de poder realizarse, dise en rogos e preguntas ou faise unha protesta pero non se abandona o órgano máis importante de participación que ten este Concello que é o seu Pleno. Se non estamos de acordo con unha cousa dise no seu momento pero non se abandona un Pleno.

Por iso, logo de que as dúas persoas fixeron coa súa actitude que decaeran estas mocións, pretender agora volver atrás cando menos nos parece unha auténtica tomadura de pelo a esta Corporación.

Sen embargo xa dixen que non será polo BNG que se deixen de debater temas importantes para a cidade de Vigo, pero evidentemente queremos saber a opinión do Secretario se é posible ou non volver atrás.

SR. LÓPEZ FONT: No nome do Grupo municipal Socialista tamén quero escoitar a opinión do Secretario, pero quero lembrar que se tomaron acordos neste Pleno de decaemento de mocións.

O Partido Popular tiña varias opcións, entre elas quedar cada un dos que propoñían as mocións aínda que vostedes quixeran exercitar un acto de protesta. Dado que agora amosa a súa cara máis amable e que lle molestaba tanto que non estivera o Alcalde, podía ter pedido á persoa que presidía o Pleno, o Tenente de Alcalde, unha interrupción do Pleno.

Vostedes non solicitaron nada, erguéronse nunha das maiores mostras de desprezo político que mirei para quen presidía o Pleno. Eu politicamente non teño ningún problema en que se discutan as mocións en función do que diga o Secretario pero é evidente que vostedes faltaron ó respecto a este Pleno, ós concelleiros que estamos aquí e o que non pode ser, Sr. Figueroa, é que sexa a vontade do Partido Popular quen decida quen preside o Pleno ou quen se pode ausentar ou non. Vostedes saen deste Pleno como saímos os demais, a situación normal explicouna con contundencia o Alcalde.

Eu si digo que están demasiado nerviosos, Sr. Figueroa, lexitimamente as substitucións do Alcalde se realizan polo Tenente de Alcalde e o que non pode ser é que vostedes ó seu capricho abandonen esta sala cando queiran. Teñen que ser conscientes de que isto ten repercusións. Podían terse quedado perfectamente os relatores das mocións pero a vostedes interesáballes o xesto político de menosprezo a todos os que estamos aquí, cousa que fan habitualmente, por iso coido que deberían rectificar comportamentos.

SR. SECRETARIO DO PLENO: O punto número 11 da orde do día expúxose polo relator e votouse, aprobado por unanimidade. O punto número 12 foi lido pola Presidencia e non houbo ningún membro do Grupo político municipal que asinaba a moción que a defendera polo que entendo que existiu unha retirada tácita da orde do día por parte do grupo propoñente. O punto número 13 tamén se leu pola Presidencia e ningún membro do Grupo municipal do Partido Popular defendeuno, co cal tamén entendo que se retirou tacitamente da orde do día.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Alcalde, supoño que me deixará contestar ós voceiros.

A PRESIDENCIA: Non estamos en debate, Sr. Figueroa, vostede presentou unha cuestión de orde, falaron os grupos, o Secretario acaba de dar unha opinión técnica e por tanto non se pode volver atrás. Estamos nos puntos 14 e 15, houbo intervención por parte do Grupo do BNG e se hai máis intervencións por parte dos grupos adiante, se non procedemos á votación.

SR. FIGUEROA VILA: Non nos parece de recibo esta situación e con respecto ó fondo desta moción non o imos debater, imos estar presentes pero non imos facer debate. Parécenos que se está tomando unha decisión incorrecta, estase agachando ós cidadáns que poidan coñecer as iniciativas que ten o Partido Popular e que presenta a este Pleno. Coidamos que non é de recibo que se diga que non son importantes; son demasiado importantes por iso queremos debatelas e queremos que coñeza a veciñanza á que representamos o que realmente se trata nestes Plenos.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, se é unha cuestión de orde que o sexa como tal. Neste momento hai unha decisión tomada por parte desta Presidencia de que non se volve atrás, estamos nos puntos 14 e 15, explique a súa posición, fale o seu voceiro e continuemos co Pleno.

SR. FIGUEROA VILA: Volvemos dicir que non imos entrar en debate, nin imos votar. Que o Secretario adopte a actitude que queira que o Partido Popular non se vai mover de aquí pero non vai votar.

Coidamos que isto non se pode volver repetir. Vostede pode facer o que considere oportuno e nós respectamos á Presidencia sempre, pero non nos parece de recibo que vostede queira furtar o debate. Da democracia non só forman parte os corporativos, senón que tamén o público e os medios de comunicación e xa pasaron demasiadas cousas, vostede non deixou entrar ó público...

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, está vostede nunha cuestión de orde, non está en ningún debate político nin en ningún proceso de acusacións. As cuestións de orde fanse co regulamento na man e aludindo artigos. Xa o está vostede facendo sen aludir o artigo sobre o que está presentando esa cuestión de orde e deixámolo

porque é unha costume deste Pleno, pero neste intre e tomada a decisión, se vostede non defende as mocións 14 e 15 procederemos á votación.

No transcurso da sesión plenaria, os voceiros dos grupos municipais Socialista e do BNG presentan un novo texto refundido que se somete a votación.

Os representantes do Grupo Popular, Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse e Porro Martínez, están presentes no salón de Plenos. No momento no que a Presidencia solicita o voto non manifestan ningún signo convencional de asentimento, disentimento ou abstención.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Rexeitar os bombardeos e invasión levados a cabo polo exército de Israel, que evidencia o colofón do bloqueo perpetrado polo estado israelí contra o pobo de Gaza, en Palestina, constituíndo un crime de guerra.

Segundo.- Transmitir a solidariedade e apoio á representación do pobo de Palestina en Galicia.

Terceiro.- Expresar a súa máis profunda indignación pola dramática situación humanitaria na Franxa de Gaza e esixir ó goberno de Israel que cumpra coas súas obrigas segundo a lexislación internacional e a lexislación humanitaria internacional poñendo fin ó bloqueo, permitindo o pleno acceso da axuda humanitaria e da prensa internacional.

Cuarto.- Saudar a actuación do goberno en materia de axuda humanitaria co despregamento de diversos operativos de urxencia e o aumento das achegas, que pon de manifesto o compromiso e a solidariedade que os cidadáns españois teñen cos palestinos.

Quinto.- Instar ó Goberno de España, en virtude da súa capacidade de interlocución con todos os autores da rexión, a desenvolver todas as accións diplomáticas e políticas necesarias para esixir un alto ó lume perdurable, en

cumprimento da resolución 1860 do Consello de Seguridade da ONU do 08.01.2009, así como as súas anteriores resolucións sobre Oriente Medio que establecen o dereito do pobo palestino a crear un estado soberano e o dereito do Estado de Israel a unha existencia pacífica. Ó tempo que se demanda no marco das Nacións Unidas o envío inmediato dunha misión de observación e interposición co fin de garantir o fin do bloqueo e da agresión militar.

16.- (16).- ROGOS E PREGUNTAS.

- * ROGO DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO, DE REALIZAR UN CHAMAMENTO PARA QUE A CIDADANÍA INGRESE CARTOS NUNHA CONTA Ó EFECTO PARA SOLIDARIEDADE CON PALESTINA.

INTERVENCIÓN DA SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Teño que expoñer que sinto moito que dalgún xeito precisamente nunha moción, que penso que toda a Corporación sentimos a problemática que está a acontecer en Gaza, pasara desapercibida por un incidente destas características.

Como nos tiñamos que limitar estritamente á moción e eses eran os acordos, hai unha parte que me gustaría salienta e rogo que, dado que hai unha grave crise humanitaria en Gaza, dende o Fondo Galego de Cooperación Internacional e a petición da UNRWA, abriuse unha conta a maiores para a Axencia das Nacións Unidas para Palestina. Toda esta axuda humanitaria irá destinada exclusivamente aquí.

Hai esa conta aberta e gustaríanos que a Corporación fixese un chamamento para que a xente ingrese cartos nela. O número de conta é o 2091.0209.10.304.00.19000 de Caixa Galicia para solidariedade coa crise humanitaria de Palestina. Dende aquí un chamamento á cidadanía para que colabore.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás trece horas e corenta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.